

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao no Programa Conxunto ADE-Dereito)

CURSO 2019-2020

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito

CURSO 2019-2020

Validado pola Comisión de Calidade o día 17 de decembro de 2020. Aprobado pola Xunta de
Facultade o día 18 de decembro de 2020.

Índice

1.	Información xeral	3
2.	Coordinación	3
3.	Xustificación e descrición do informe	3
4.	Accións de coordinación	4
4.1.	Reunións e actuacións de coordinación.....	4
4.1.1.	Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-	4
4.1.2.	Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito	5
4.1.3.	Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial.....	5
4.1.4.	Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade	6
4.1.5.	Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados	7
4.1.6.	Reunións e actuacións de coordinación da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente	10
4.1.7.	Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo	19
4.1.8.	Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito	19
4.2.	Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	20
4.2.1.	Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade.....	20
4.2.2.	Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade	21
4.2.3.	Actuacións de promoción do centro.	24
4.2.3.1.	Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade	25

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

4.3.	Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora	25
4.3.1.	Incidencias e actuacións máis relevantes	25
4.3.2.	Accións de mellora para o curso 2020/2021	28
5.	Conclusións	29
6.	Anexos	30

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

1. Información xeral

Denominación do título	Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado "G081 – Plan 2014") 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito / Comisión de Coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Comisión de coordinación do PCEO

3. Xustificación e descrición do informe

Tanto a memoria inicial como a memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo (apartado «Procedemento de coordinación do Grao», páx. 48) contemplan a figura do coordinador/a de curso, cuxa función é garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación das materias en cada curso académico. Con todo, ponderadas as peculiares circunstancias da Facultade de Dereito, estimouse máis axeitado contar cun único coordinador/a para o conxunto da titulación.

Entre outras funcións, o coordinador/a do Grao deberá emitir informes periódicos para manter informado ao Decanato das incidencias e dos eventos relevantes. Para tal fin, o/a coordinador/a do Grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito.

Pola súa banda, os coordinadores/as das materias de Prácticas externas e de Traballo de fin de Grao encárganse de coordinar aos distintos titores/as. Finalmente, a/o responsable de relacións internacionais procuran a coordinación das actuacións de mobilidade.

Todas as labores de coordinación, horizontal e vertical, que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e dos plans de mellora acometidos dende o equipo de goberno do centro.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros –as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo–, constituíuse unha Comisión de Coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo conformada polos Decanos/as e os Coordinadores/as do Grao nos referidos dous centros. Tal Comisión ten por obxecto avaliar e procurar solventar as incidencias ou posibles disfuncións detectadas, así como establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015 o estudantado pode cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e de Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un programa conxunto («simultaneidade») elaborado polas facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao (PCEO) (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito - Campus de Ourense), aprobada polo Consello de Goberno o día 22 de xullo de 2016, prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás delegación polo/a Decano/a dun centro nun vicedecano/a. Ademais, constitúese un órgano coordinador formado polas persoas titulares dos Decanatos e os/as coordinadores/as dos graos de ambos os dous centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan convinte, reunirase a instancia de calquera dos dous Decanatos.

4. Accións de coordinación

A continuación, descríbense as actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2019-2020 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito –incluído o Programa Conxunto ADE-Dereito–, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e acometer plans de mellora.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito–

Durante o curso académico 19/20 desenvolvéronse dúas reunións de coordinación cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegados/as de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito–, nas datas sinaladas a continuación:

- 8/11/2019. Nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder a súa resolución.
- 23/04/2020. Nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder a súa resolución. De maneira sinalada, procedeuse a unha avaliación do proceso de transición da docencia presencial

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

á docencia no presencial: análise da adecuación das ferramentas empregadas polos docentes (Campus Remoto, plataforma de teledocencia Faitic, correo electrónico ou outros), dificultades, técnicas ou de outra índole, atopadas polo alumnado, contidos impartidos, procesos de avaliación continua obxecto de remodelación...

4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito

Durante o curso académico 19/20 desenvolvéronse dúas reunións co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito, nas datas que se sinalan a continuación:

- 08/11/2019. Nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período.
- 24/04/2020. Nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes, de maneira sinalada no relativo ao tránsito da docencia presencial á docencia virtual. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período, sinaladamente no marco da nova docencia a distancia.

4.1.3. Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial

Durante o curso académico 19/20 realizáronse as seguintes actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito:

Accións de elaboración do PAT 2019-2020:

- Xullo 2019: Proceso de selección de Profesores-titores. Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos profesores- titores do curso 18/19 solicitando que manifesten a súa dispoñibilidade para continuar desenvolvendo tarefas como Profesores- no curso 19/20.
- Setembro 2019: Proceso de selección de alumnos-titores. Remisión de correos electrónicos e visitas nas aulas para solicitar a colaboración de alumnado de 3º e 4º do Grao e de 4º e 5º do PCEO para participar no PAT en calidade de alumnos-titores.

Accións desenvolvidas no primeiro período do curso académico 2019-2020:

- 09 de setembro de 2019: Celebración na Facultade de Dereito da “Xornada de acollida: Introducción aos estudos de dereito” dirixido ao alumnado de Grao e do programa conxunto ADE-Dereito. Os obxectivos que persigue este curso son:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
 - Presentar o Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito
- 26 de setembro 2019: Publicación na web do centro do anexo I do PAT 2019-2020 coa asignación do alumnado de primeiro curso aos profesores-titores e aos alumnos-titores. Remisión do referido documento aos correos electrónicos do estudantado de primeiro.
- 03 de outubro de 2019: Celebración dunha reunión inicial con presenza de todo o alumnado de primeiro curso, todos os profesores-titores e todos os alumnos-titores (Nº de ficha de mellora: 2018C02). No marco da mesma, expuxéronse ao alumnado de primeiro curso os obxectivos e recursos do PAT e procedeuse a presentación de profesores-titores e alumnos-titores. No marco da referida xuntanza inicial os alumnos de primeiro curso que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT. Así mesmo, alumnos-titores e alumnos de

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

primeiro curso que así o desexaron procederon á constitución de grupos de Whatsapp para a facilitar a titorización (Nº de ficha de mellora: 2018C01).

Accións desenvolvidas no segundo período do curso académico 2019-2020:

- 28 de xaneiro de 2020: Dende o centro organizouse o Curso 3.5, fundamentalmente destinado ao alumnado de terceiro curso do Grado de Dereito e cuarto curso do PCEO. Os obxectivos deste curso son:
 - a. Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
 - b. Presentar ao alumnado de terceiro curso e cuarto curso do PCEO a información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
 - c. Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Os temas abordados foron os seguintes:

- a. Prácticas extracurriculares e emprego. D.ª Sandra Morales. FUVI.
 - b. A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.ª Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
 - c. A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.ª Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
 - d. O Traballo fin de Grao. Prof.ª Dra. Marta Fernández Prieto. Coordinadora da materia TFG.
 - e. A mobilidade do estudiantado no estranxeiro. Prof.ª Dra. M.ª Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
 - f. Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.ª Dra. M.ª Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía da Facultade de Dereito.
- 11 de febreiro 2020: Remisión, pola coordinación, de correo electrónico aos profesores-titores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados. Os profesore-titores remiten á coordinación a convocatoria das correspondentes xuntanzas.
 - 29 de maio de 2020: remisión, dende a coordinación do Grao, dun correo electrónico aos profesores-titores e alumnos-titores solicitando que cumprimentasen *on line* o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" (en cumprimento do disposto no apartado "6.1.5. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial". Así mesmo, solicítase ao profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas ao longo do curso, os acheguen para poder realizar o informe final do PAT.
 - 29 de maio de 2020: dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes que participan no PAT solicitándolles que cumprimenten *on line* o anexo "IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado.

4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

A convocatoria de mobilidade ERASMUS + 19/20 publicouse o 6 de febreiro de 2019. No mes de febreiro de 2019, Amelia Rodríguez Piña, Directora da Oficina de Relacións Internacionais, convocou unha reunión dirixida aos alumnos de todas as Titulacións do Edificio Xurídico-Empresarial.

Logo da publicación da lista provisional de admitidos, a Coordinadora de relacións internacionais da Facultade de Dereito convocou a unha reunión (seminario 51) a todos os alumnos que solicitaran a mobilidade ERASMUS coa finalidade de explicarlles todas as cuestións académicas de mobilidade.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Posteriormente, logo da publicación da lista definitiva de destinos, a Coordinadora de relacións internacionais da Facultade de Dereito mantivo diversas reunións, así como comunicacións vía e-mail cos distintos alumnos a medida que cumprimentaban o seu acordo de estudos.

Durante el Curso 19/20, realizaron a mobilidade ERASMUS 2 alumnos do Grao en Dereito e 16 do PCEO. Así mesmo, unha alumna de PCEO realizou a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo (mobilidade con América Latina) e dous no marco do Programa SICUE.

Cómpre destacar que no referido curso académico produciuse un notable incremento dos alumnos que solicitaron a mobilidade ERASMUS no PCEO (máis de quince persoas). Neste sentido, coa finalidade de incrementar o número de alumnos que cursan un período de estudo en terceiros países (xa sexa mobilidade no marco do Programa ERASMUS ou no marco dos Programas con América Latina) seguimos incidindo nas reunións informativas. Neste sentido, cabe destacar, que na xornada de acollida aos alumnos de primeiro curso (Curso 0) impártese por parte da Responsable ERASMUS do Centro unha charla sobre os Programas de mobilidade e tamén no Curso 3.5 (enfocado aos alumnos de terceiro curso).

Por outra parte, tamén estamos estudiando, no marco do Plan de internacionalización do Centro, a promoción no exterior do Itinerario en Dereito da UE, co obxectivo de atraer alumnos tanto do Programa ERASMUS como dos Programas con América Latina. Neste sentido, as accións encamiñanse a publicitar dito itinerario na web da nosa Facultade, así como no envío de información ás diversas Universidades coas que o noso Centro celebrou Convenios de intercambios de alumnos.

4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do/a coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados/as

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2019/2020 realizáronse as seguintes reunións e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2019: reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas.
- Xuño 2019: elaboración da guía docente pola coordinación.
- Outubro 2019: convocatoria para o nomeamento de Titores académico/as de Prácticas Externas. A Comisión Permanente nomea como titores académico/as aos seguintes profesores: Dna. Susana Álvarez González, Dna. Marta Fernández Prieto e Dna. Francisca Fernández Prol.
- Decembro de 2019: publicación de oferta formativa de prácticas externas 2019-2020.
- Decembro de 2019/xaneiro 2020: adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e na páxina web da Facultade (apartado Grao en Dereito/Prácticas externas) + comunicación aos titores externo/as/externo/as dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Xaneiro/febreiro 2020: presentación da materia prácticas externas ao comezo do cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado antes do comezo das prácticas –xaneiro 2020-. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2019-2020.
- Recepción do informe final e valoración dos titores externo/as. Publicación das cualificacións o en xuño de 2020 (plataforma TEMA)

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2019-2020.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2019-2020 foi de 26 prazas. Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Calendario de asignación de entidades e despachos

Entidade (nº de prazas)	Titores/as
Colexio Notarial de Galicia (1)	<ul style="list-style-type: none"> • titor/a externo/a: María Isabel Louro García • titor/a académico/a: Marta Fernández Prieto
Confederación Hidrográfica Miño-Sil (2)	<ul style="list-style-type: none"> • titor/a externo/a: Diana Carballeda Chan • titor/a académico/a: Natalia Torres Cadavid
Deputación Provincial de Ourense (2)	<ul style="list-style-type: none"> • titor/a externo/a: Mónica Lesgapi Díaz • titor/a académico/a: Francisca Fernández Prol
Ferro Ribadulla Avogados (2)	<ul style="list-style-type: none"> • titor/a externo/a: Fernando Blanco Arce

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

	<ul style="list-style-type: none"> titor/a académico/a: Susana Álvarez González
Subdelegación do Goberno en Ourense(5)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Manuel Arias Carra titor/a académico/a: Susana Álvarez González
Deputación Provincial de Pontevedra (3)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Mónica Lesgapi Díaz titor/a académico/a: Marta Fernández Prieto
Parlamento de Galicia (5)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Xosé Antón Sarmiento titor/a académico/a: Marta Fernández Prieto
León Rey Abogados (3)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: David de León Rey titor/a académico/a: Susana Álvarez González
INGADE (1)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Yolanda Trasobares Ramos titor/a académico/a: Francisca Fernández Prol
Pérez Rumbao (2)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Irene Santana Carnero María Jesús Caride Alonso titor/a académico/a: Francisca Fernández Prol

C. Valoración das propostas de mellora para o curso 2019/2020

A acción de mellora proposta para os cursos 2018/2019 e 2019/2020 realizouse xestionando a adaptación dos convenios xa existentes seguindo o disposto na DA 8ª de la Lei 40/2015. Tamén se asinaron novos Convenios a instancia da coordinadora de prácticas da Facultade de Dereito. Entre os convenios asinados no devandito curso figuran os seguintes:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

<u>2019000815</u>	15/07/2019	SONIA GULÍAS TORREIRO (ABOGADA)
<u>2019000598</u>	20/05/2019	JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ (ABOGADO)
<u>2019000597</u>	20/05/2019	CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)
<u>2019000384</u>	22/03/2019	ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO (MINISTERIO POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA – SECRETARIA DE ESTADO DE POLÍTICA TERRITORIAL)
<u>2019000201</u>	20/02/2019	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL

D. Avaliación das prácticas externas durante o curso 2019/2020 e proposta de mellora para o curso 2020-2021

As condicións de saúde pública e o decreto do estado de alarma que levou ao confinamento dende o mes de marzo do 2020 condicionou parcialmente a realización das prácticas externas. Se ben o alumnado de forma maioritaria, puido rematar as 135 horas de prácticas, nalgúns casos foron suspendidas de igual xeito que a restante actividade académica (<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/suspension-actividades-lectivas-presenciais>).

Posteriormente, estas prácticas foron desenvolvidas de xeito telemático.

No vindeiro curso renovaranse os convenios derogados e tentarase a sinatura de novos convenios con organismos públicos e privados. Non obstante, debe terse en conta a situación de pandemia actual que condicionará, sen dúbida, a execución desta materia, tanto nos prazos como probablemente na forma de incorporación. Dende este punto de vista, na medida do posible, tentarase potenciar a realización de prácticas externas extracurriculares polo alumnado co obxectivo de non concentrar as prácticas nunha época concreta do curso académico e facilitar a súa incorporación gradual.

4.1.6. Reunións e actuacións de coordinación da materia Tralaballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2019-20, a iniciativa da coordinadora da materia Tralaballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Tralaballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2019: elaboración da guía docente polo coordinadora.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 16/07/2019: aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2019/20 -setembro de 2019 (1º prazo), novembro de 2019 (2º prazo), xuño de 2020 (3º prazo) e xullo de 2020 (4º prazo)-
- 06/09/2019: designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2019/20.
- 04/10/2019: aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2019/2020 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización pola profesora D.ª Zoraida Álvarez Pérez e polo profesor D. Roberto Couto Calviño, previa solicitude expresa dos interesados.
- 17/10/2019: aprobación da modificación na relación do profesorado que no curso académico 2019/2020 cumpre os requisitos para ser titor ou titora do Traballo de Fin de Grao e autorizar a inclusión do seguinte profesorado: D. José Abundancia Domínguez, D. José Mosquera Casero, D.ª Laura Movilla Pateiro e D.ª Natalia Torres Cadavid, previa solicitude expresa dos interesados.
- Outubro-novembro de 2019: Publicación da relación de profesorado que no curso 2019/20 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 21/11/2019: aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2019-20. Acórdase tamén interpretar o art. 5.4 do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito no sentido de entender que se, transcrido o primeiro curso académico tras a asignación de titor e proposta temática, o estudante desexa cambiar só de tema e non de titor no segundo curso no que se mantén a asignación, non debe presentar unha nova listaxe priorizada de titores no prazo fixado no art. 3.8.1 senón unicamente a nova proposta temática no prazo establecido no art. 4.1. Se o alumno presenta a listaxe priorizada de titores no prazo fixado no art. 3.8.1, entenderase que se somete ao procedemento previsto no devandito artigo xunto co resto do alumnado matriculado na materia, aínda que na listaxe priorizada de titores figure en primeiro lugar o titor asignado o curso anterior.
- 18/12/2019: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2019-2020 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos. Acórdase tamén que o alumnado que solicitou a defensa do Traballo de Fin de Grao nunha convocatoria e finalmente non poida defendelo, se na seguinte convocatoria non desexa introducir modificación algunha no texto do TFG, presente na Área de Grao, tras a nova solicitude telemática, un escrito dirixido aos membros do tribunal avaliador no que faga constar a súa situación e solicite que, ao coincidir a versión final do TFG coa presentada anteriormente, se consideren xa entregados os catro exemplares que esixe o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito. E interpretar o art. 5.4 do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito no sentido de entender que se a/o estudante non presenta a proposta temática no prazo establecido non se manteña tampouco a asignación da persoa titora no seguinte curso académico.
- 28/01/2020: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudantado de terceiro curso do Grao e de 4º curso do PCEO. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.
- 28/01/2020: presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, a coordinadora informa, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbraleslle ao estudantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 31/01/2020: primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 17/02/2020: aprobación pola Comisión permanente dun novo prazo (5º) de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2019-2020.
- 24/04/2020: segunda sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto
- 30/04/2020: aprobación pola Comisión permanente do anexos á guía docente coas medidas excepcionais planificadas ante o estado de alarma provocado pola COVID-19. Mantéñense as metodoloxías de traballo tutelado e clase maxistral, aínda que por medios telemáticos. O traballo de titorización coa persoa titora será telemático, a través de atención telefónica, intercambio de correos electrónicos ou outros mecanismos de comunicación que garantan a adecuada titorización, tras a suspensión da docencia presencial. O acto de defensa ante o tribunal, no caso de non poder desenvolverse presencialmente, realizarase a través das aulas virtuais do Campus Remoto. Mantéñense, igualmente, os criterios de avaliación previstos na guía docente con lixeiras modificacións, como consecuencia do desenvolvemento virtual das probas finais de avaliación:
 - O traballo presentado por escrito computarán nun 75% da cualificación final e será avaliado de acordo co previsto no Regulamento interno do centro dispoñible en <http://www.dereito.uvigo.es>
 - O estudante non terá que entregar o catro exemplares de TFG en versión en papel na área de Grao do Edificio Xurídico-Empresarial. Será suficiente subir o TFG en versión electrónica á plataforma Faitic. A entrega virtual efectuarase nos apartado exercicios da materia Traballo Fin de Grao para ese efecto habilitada no prazo fixado.
 - A presentación oral do traballo ante o tribunal computarán o 25% restante e será avaliada de acordo co previsto no Regulamento interno do centro dispoñible en <http://www.dereito.uvigo.es>
 - A defensa presencial do Traballo de fin de grao, substituirase pola defensa nunha aula virtual. A continuación, os membros do tribunal poderán formular as preguntas que teñan por conveniente.

Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe. Sen prexuízo de que os estudantes deban seguir as pautas que, en cada caso, poida facilitarlle o titor, en relación coa procura de bibliografía, en caso de suspensión da docencia presencial, recoméndase aos estudantes utilizar, ademais de Dialnet, os recursos electrónicos que ofrece a biblioteca da Universidade de Vigo no ámbito do Dereito para acceder a artigos científicos, monografías, sentencias, bases de datos, bibliotecas virtuais, buscadores...-. Algúns deses recursos teñen o seu acceso restrinxido á comunidade universitaria con clave ou sen clave- e outros son de acceso libre.

- 15/07/2020: habilitar un novo prazo no mes de febreiro (2º) de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG do curso 2020-21 e incluílo no calendario académico da Facultade de Dereito e delegar na Secretaria da Facultade a incorporación das datas que procedan
- Xaneiro-xullo de 2020: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia faitic, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia “Traballo de fin de grao” ata o curso 2019-2020

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que terá un mínimo de 6 créditos e que deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorpórase como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

A incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificulta a configuración da materia e xustifica a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén se detectou a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.
- MÁSTER (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Máster figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao Máster universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en “formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Máster –aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, habilitouse un novo prazo de defensa do TFG no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. Esta acción de mellora formulouse para adiantar a convocatoria de fin de carreira e permitir obter o título de Graduado/a en Dereito e incorporarse ao Máster da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Máster sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este primeiro prazo habilitouse xa en setembro de 2019.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse dúas sesións presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Tamén se acorda non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias, salvo que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas

Para facilitar a defensa de TFGs no primeiro período de defensa habilitado en cada curso académico (novembro) de quen pode concorrer á convocatoria de fin de carreira, acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2019/20

2019GDO03: Habilitar no curso 2019/20 o prazo de defensa do TFG de setembro de 2020 como 5º prazo do curso académico e, a partir do curso 2020/21 imputar o prazo de presentación del TFG de setembro, tanto no grao como no PCEO, ao curso anterior, como último prazo de defensa (en lugar de como primeiro prazo do curso académico que comeza)

Pretendíase modificar o calendario académico do curso 2019/20 para introducir un novo prazo de defensa de TFG en setembro de 2020 e, a partir do curso 2020/21 establecer no calendario académico respectivo o prazo de defensa de setembro como último prazo de presentación do TFG correspondente ao curso académico anterior. Os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo son moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. O prazo de setembro como 5º prazo pretende evitar unha nova matrícula do alumnado e pode mellorar a taxa de idoneidade e gradación. A mellora implementouse cun resultado positivo.

Ademais, o curso 2019/20 o Ministerio de Xustiza sinalou que, a partir do curso 2020/21, non se admitirían ao exame de acceso á profesión a aqueles estudantes que se matricularan no mestrado unha vez que xa empezase o curso. O adiamento da defensa do TFG da convocatoria de fin de carreira da Facultade de Dereito a setembro, permite que aqueles estudantes que só teñan esta materia pendente, poidan matricularse no mestrado. Ademais, atrasouse o inicio das clases do mestrado para facilitar a matrícula destes estudantes. A cuestión foi analizada na Comisión de coordinación coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e coa Área Académica de Posgrao, permitindo que estes estudantes

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

se puidesen preinscribir no mestrado no segundo prazo de matrícula, a condición de que acreditasen que só lles quedaba esta materia, e, unha vez aprobada no prazo previsto, puidesen formalizar a súa matrícula.

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2019/2020

		2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20		
Datos comparativos							19	20	
Estudantes matriculados		56	58	90	68	74	77 Grao + 15 Pceo		
Estu- dantes presen- tados	Totais	46 (+1 susp. maio/xuño)	35 (32 aprobados +3 susp.)	53 (+4 suspensos FC)	35	20 Grao + 5 Pceo	42 Grao + 10 Pceo		
	novembro	7	4	14	6	4	8 + 0		
	xuño	23	10	29	12	7 + 1	8 + 3		
	xullo	17	21	14	14	8 + 4	13 + 4		
	setembro				3		5 + 1	9 + 2	
Cuali- fica- cións	Globais por curso	M	1	0	4	0	1 + 1	1	
		Sb	3	9	15	6	5 + 1	3 + 1	
		N	20	11	18	18	9 + 3	22 + 9	

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

		A	22	12	16	11	5	16
		Su sp	1	3	4	0	0	1
	novembro	M H	0	0	0	0	0	0
		Sb	0	0	1	0	0	0
		N	3	2	1	3	2	5
		A	4	1	8	3	2	3
		Su sp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr.maio/ xuño ou xullo 2019)	0	0	0
		xuño	M H	1	0	2	0	0
	Sb		2	3	10	2	2 + 1	0 + 1
	N		9	3	11	7	5	4 + 2
	A		10	4	6	3	0	3
	Su sp		1(ap. en xullo 2015)	0	0	0	0	1 (ap. en xullo 2020)
	xullo		M H	0	0	2	1 + 1	2
		Sb	1	6	4	4	3	2
		N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

		A	8	7	2	3	3	4
		Su sp	0	2	0	0	0	0
	setembro	M H						0 0
		Sb						0 1
		N				1		3+ 4+ 1 2
		A				2		2 4
		Su sp						0 0

E. Propostas de mellora para o curso 2020/2021

- Configurar o prazo de defensa do TFG do mes de setembro como último prazo de defensa do curso anterior –e non como primeiro prazo do curso seguinte-, para mellorar as taxas de idoneidade e gradación. Este prazo de setembro habilitarase xa en setembro de 2020 como último prazo de curso 2019/20.
- Habilitar un novo prazo de defensa do TFG no mes de febreiro, para que o alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que poderá tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O novo prazo pode ser interesante tamén para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir **eleva a taxa de gradación** da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a teor do art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo. Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudiantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

No presente curso académico mellorou a *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados. Con todo, debe terse en conta a imposibilidade da defensa do TFG se o alumno non ten superada a totalidade de créditos restantes para a obtención do título. Á luz dos datos que se obteñan o presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras **propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación**. Con todo, **analizarase se o problema se centra en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden defender o Traballo de fin de grao**.

4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou disfuncións detectadas, así como para establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 2019/2020 celebrouse unha reunión virtual o 14 de xullo de 2020. Nesta reunión presencial abordáronse as cuestións seguintes (extracto da convocatoria remitida polo Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo):

- a) Análise do estado de execución da acción de mellora da titulación do Grao en Dereito proposta para o curso 2018-2019.
- b) Análise e aprobación, se procede, das propostas de accións de mellora da titulación para o curso 2020-2021.
- c) Análise e aprobación, se procede, das propostas de modificación da memoria da titulación para o curso 2020-2021.
- d) Análise das incidencias detectadas na elaboración das guías docentes do curso 2020-2021 por se dan lugar a modificacións na memoria ou melloras para o curso 2020-2021.

Así mesmo, ademais da referida xuntanza virtual, mantivéronse, ao longo do curso académico 2019-2020, contactos vía telefónica/correo electrónico/whatsapp entre ambos equipos decanais.

4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

- Durante o curso académico 2019/2020 celebrouse unha reunión da Comisión de Coordinación do PCEO ADE-Dereito o 11/05/2020 coa seguinte orde do día (extracto da convocatoria remitida pola Decana da Facultade de Dereito):
 - a) Análise dos datos académicos que deberán acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG – en particular, dos datos académicos do curso 2018/19-.
 - b) Análise das enquisas de satisfacción da titulación do curso 2018/19.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- c) Toma de decisións, se procede, en relación coas materias Traballo de fin de grado en Dereito e Traballo de fin de grado en ADE.
- d) Toma de decisións, se procede, en relación coa procura de coordinación para evitar solapamentos entre probas de avaliación continua e probas finais.
- e) Informe das Sras. Coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.

A acta da citada xuntanza pode consultarse no apartado "6. Anexos".

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación:

- 17/12/2019:
 - Validación dos informes finais de avaliación do PAT do curso 2018-2019 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en Avogacía.
 - Validación dos Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2018-2019.
 - Validación do Informe de docencia do curso académico 2018-2019.
 - Remisión á vindeira Comisión de calidade da análise e toma de decisións respecto das incidencias detectadas nas reunións de coordinación para o seguimento e o control da docencia do primeiro cuadrimestre do curso académico 2019-2020.
 - Validación da modificación do Procedemento para o seguimento e o control da docencia e delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para incorporar os cambios que procedan.
- 28/02/2020:
 - Elaboración dun informe e trasladalo ao Departamento de Dereito Privado e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado co obxecto de manifestar as incidencias detectadas en relación á docencia impartida pola área de Dereito Civil no Grao en Dereito e no Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, no marco das reunións de coordinación co alumnado, nas reunións celebradas a solicitude do alumnado, nos partes docentes e na reunión co profesorado implicado de dita área.
 - Remisión dun correo electrónico aos Departamentos con docencia no centro, reiterando que á hora de conceder os permisos ao profesorado se teña en conta se hai obrigas docentes (clases, exames, titorías, etc.).
- 30/04/2020:
 - Validación dos anexos ás guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso académico 2019-2020, delegando nas coordinadoras respectivas calquera corrección de erros ou cambio que se considere necesario.
 - Remisión dunha consulta ao Director da Área de Calidade respecto á incidencia que pode ter nos distintos programas de avaliación da actividade docente do profesorado que os anexos ás guías docentes vaian con texto en galego e castelán e non exista unha versión única para cada idioma
- 14/07/2020
 - Validación do Informe de análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación do Grao en Dereito e do Programa Conxunto ADE-Dereito do curso 2018-2019.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Validación da modificación da meta asociada á duración media dos estudos no Mestrado universitario en avogacía e manter o resto das metas asociadas aos obxectivos de calidade.
- Validación do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2018-2019 que inclúe as propostas de mellora para o curso 2019-2020 e o seguimento dos títulos adscritos ao Centro coas modificacións propostas.
- Validación das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2020/2021 e delegación na coordinadora do Grao da corrección de erros ou modificacións que procedan.
- Validación das guías docentes do Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2020/2021 e delegación na coordinadora académica da corrección de erros ou modificacións que procedan.
- Validación da actualización do Anexo I: Plan de acción tutorial do procedemento de orientación ao estudantado (DO-0203 P1).
- Validación do programa e data de celebración da Xornada de acollida do Grao en Dereito, do Curso 3.5 e da Xornada de acollida do Mestrado Universitario en Avogacía para o curso 2020-2021.
- Avaliación, no mes de setembro, da viabilidade de impartición das sesións pendentes do Curso de Actualización Xurídica 2019-2020 e de organización dunha nova edición para o curso 2020-2021.
- Avaliación, no mes de setembro, da viabilidade da organización dun foro de emprego xurídico.
- Arquivo, como evidencia, polo cambio e repercusión na docencia da Covid-19, sen traslado ao Departamento de Dereito Privado e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, do informe sobre incidencias detectadas en relación á docencia impartida pola Área de Dereito Civil no Grao en Dereito e no Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, no primeiro cuadrimestre do curso 2019-2020

4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2019/2020 desenvóléronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

TÍTULO	ORGANIZACIÓN	DATA
Xornada de Acollida Grao en Dereito “Introdución aos estudos de Dereito”	Coordinación: <ul style="list-style-type: none"> • Prof^a. Marta Fernández Prieto • Prof^a. Susana Álvarez González 	9 de setembro 2019
Xornada de Acollida Mestrado universitario en Avogacía	Coordinación: <ul style="list-style-type: none"> • Prof^a. M^a Dolores Fernández Fustes • Prof. Benjamín Mayo Martínez • Prof. Roberto O. Bustillo Bolado 	19 de setembro de 2019
Ciclo de conferencias: Pensar el derecho en el siglo XXI	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Pablo Bonorino 	Do 23 de setembro ao 12 de decembro de 2019

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Xornada: Precariedade da traballadora ante os empregos dixitais atípicos	<ul style="list-style-type: none"> • Comité organizador: • Prof^a. Marta Fernández Prieto • Prof^a. Francisca Fernández Prol 	16 de outubro de 2019
Feminismo y Teoría del Derecho	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Pablo Bonorino 	Do 17 de outubro ao 15 de novembro de 2019
Xornada: O control do poder público en España (Lugar: Colexio da Avogacía de Ourense)	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Roberto O. Bustillo Bolado • Prof^a María Antonia Arias Martínez 	24 de outubro de 2019
Curso de Actualización Xurídica 2019/2020	Comité organizador: <ul style="list-style-type: none"> • Prof^a Marta Fernández Prieto • Prof^a Susana Álvarez González • Prof^a Francisca Fernández Prol 	Do 27 de setembro de 2019 ao 5 de xuño de 2020 (suspensión de actividades a partir do 13 de marzo de 2020, por mor do cese temporal das actividades académicas presenciais)
Curso: Violencia de xénero	Organización (en colaboración coa Facultade de Dereito de Ourense) <ul style="list-style-type: none"> • Colexio da Avogacía de Ourense. 	17, 23 e 30 de outubro; 6 e 20 de novembro 2019
Liga de debate da Universidade de Vigo 2019/2020	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Pablo Bonorino 	Del 28 de Outubro ao 8 de Novembro 2019
Conferencia “O Instituto de Medicina Legal de Galicia: organización e funcións”	Coordinadores académicos: <ul style="list-style-type: none"> • Prof^a Marta Fernández Prieto • Prof. Virxilio Rodríguez Vázquez 	14 de novembro de 2019

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

<p>Xornada divulgativa REDEXMAR sobre Dereito ambiental e xestión de recursos hídricos e mariños</p>	<p>Coordinación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado • Profª. Mª Belén Sánchez Ramos • Profª Laura Movilla Pateiro 	<p>8 de novembro de 2019</p>
<p>Orienta Iuris “3ª Feira de Emprego Xurídico de Galicia e norte de Portugal”</p>	<p>Comité Organizador:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profª Marta Fernández Prieto • Profª Susana Álvarez González • Profª Lourdes Borrajo Diz • Profª Francisca Fernández Prol 	<p>19 de novembro de 2019</p>
<p>Conferencia “Institutionais In ius Vocatio e violazione del domicilio; riferimento speciale ai reati di riciclaggio di denaro”.</p>	<p>Comité Organizador:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Inés Iglesias Canle • Profª. María José Bravo Bosch 	<p>28 de novembro de 2019</p>
<p>Seminario de discusión: Pensar o cine</p>	<p>Dirección académica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Pablo Raúl Bonorino Ramírez 	<p>Do 18 de decembro 2019</p>
<p>Curso 3.5. Curso de orientación académica para estudiantado de 3º curso do Grao en Dereito e de 4º curso do PCEO</p>	<p>Coordinación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Marta Fernández Prieto 	<p>28 de xaneiro de 2020</p>
<p>Seminario “Agresión y abusos sexuales: evolución histórica, algunas cuestiones controvertidas y propuestas de reforma (4º andar Facultade de Dereito)”</p>	<p>Dirección:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Inés C. Iglesias Canle 	<p>5 de febreiro de 2020</p>

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Curso: Iniciación a Moodle e realización de exames non presenciais. Modalidade virtual.	Comité Organizador: <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Marta Fernández Prieto • Profª. Lourdes Borrajo Diz 	18, 20, 21 22 e 26 de maio e o día 1 de xuño de 2020.
OBRADOIRO: "A pesca en Europa: Desafíos e Perspectivas" Sesións On Line.	Coordinación: <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Belén Fernández Docampo, 	1 e 2 de xuño de 2020

4.2.3. Actuacións de promoción do centro.

Ao longo do curso 2019-20 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro entre as que cómpre destacar:

- Celebración da Xornada de Acollida-Introdución aos estudos de dereito: o día 9 de setembro de 2019 celebrouse o denominado "Curso Cero", destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito e dando a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade.
Obxectivos:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración do III Feira de emprego Xurídico ORIENTA IURIS: o día 19 de novembro de 2019 celebrouse a III edición da Feira de Emprego Xurídico, primeira Feira de emprego especializada no ámbito xurídico en Galicia e norte de Portugal. Concíbese como un punto de encontro no que estudantes, titulados e profesionais do mundo do Dereito poidan compartir experiencias, interrelacionarse e mellorar as posibilidades de acceso ao mercado laboral (<http://feriaempleojuridico.webs.uvigo.es/>).
- Celebración do curso 3.5: o Curso de Orientación académica para estudantes de terceiro curso do Grao en Dereito e de cuarto curso do PCEO-ADE-Dereito, celebrouse o luns 28 de xaneiro de 2020 na aula Magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado, así como o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao (oferta de optativas); e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Participación da Decana, o día 27 de febreiro de 2020, nunha sesión informativa celebrada no Colexio Santa María Maristas de Ourense.
- Xornada de Portas Abertas Virtual: xornada de acceso aberto (até un máximo de 100 persoas por sala e franxa horaria na modalidade directo xunto ás conexións na modalidade streaming) celebrada o 14 de maio de 2020. Difusión a través das redes sociais e da web da UVigo, así como a través de correos electrónicos a centros de ensino secundario de Galicia para redifusión entre os equipos de orientación e o seu alumnado.
- Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de "Actualidade" - <http://dereito.uvigo.es/es/> -.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

4.2.3.1. Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade

- PDI: no curso 2019-2020, ningún docente participou en programas de mobilidade, ao quedar estes suspendidos por mor das limitacións á mobilidade impostas para a contención da pandemia.
- PAS: datos non dispoñibles.
- Alumnado: datos non dispoñibles.

4.3. Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora

4.3.1. Incidencias e actuacións máis relevantes

A. PRIMEIRO PERIODO

No primeiro período, requeriuse ao profesorado a elaboración de cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de traballo –de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

No marco da Reunión de Coordinación mantida cos representantes do alumnado o día 8 de novembro de 2019, puxéronse de manifesto as incidencias seguintes:

- En relación coa materia “Dereito Constitucional I” (extracto da acta da reunión de coordinación do día 8 de novembro de 2019):
 - Primeiro curso do Grao: “Os representantes do alumnado de primeiro curso sinalan que sendo a asistencia a clase teórica voluntaria –segundo o previsto na correspondente guía docente-, o alumnado percibe que o Prof. González-Ares Fernández realiza un seguimento dos alumnos que si acuden ás clases teóricas e valora negativamente a quen opta por non asistir ás citadas clases: así, recollendo nas clases teóricas, prácticas obxecto de entrega obrigatoria –asinando os alumnos a citada entrega-, requirindo ao alumnado que acude a clases teóricas a realización de tarefas a entregar –en particular, resúmenes que non se contemplan nin na guía docente, nin no cronograma- ou realizando comentarios destacando a diferenza entre o número de asistentes ás clases teóricas e o número de asistencias ás clases prácticas”
 - Primeiro curso do PCEO: “Os representantes do alumnado de primeiro curso do PCEO coinciden, respecto da materia “Dereito constitucional I”, coas valoracións realizadas polos representantes de primeiro curso do Grao”.
- En relación coas materias impartidas pola Área de Dereito Civil (extracto da acta da reunión de coordinación do día 8 de novembro de 2019):

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Segundo curso de Grao: “Os delegados presentes poñen de manifesto que o Prof. de “Dereito Civil I. Obrigas e contratos” chega a clase, de xeito reiterado, cun retraso de 25-30 minutos”
- Segundo curso do PCEO: “As delegadas presentes destacan problemas de coordinación entre o profesorado encargado de impartir a docencia teórica (Prof. de Franco Paz) e o profesorado encargado de impartir a docencia práctica (Prof. Meleiro Vázquez) na materia “Dereito Civil I. Obrigas e contratos”. Destacan, por outra banda, un retraso considerable na explicación da materia”.
- Terceiro Curso do Grao: “Os delegados presentes destacan problemas de coordinación entre o profesorado encargado de impartir a docencia teórica (Prof. Abundancia Domínguez) e o profesorado encargado de impartir a docencia práctica (Profª. Álvarez Pérez) na materia “Dereito Civil III. Familia e Sucesións”. Destacan, por outra banda, un retraso considerable na explicación da materia –en concreto, segundo indica o alumnado presente, a día 8 de novembro, só se explicaron 4 temas-, polo que as prácticas versan sobre temáticas aínda non abordados en clases teóricas”

Como consecuencia das incidencias detectadas, mantivéronse reunións cos profesores afectados:

- Con data do 27 de novembro de 2019, co seguinte profesorado da Área de Dereito Civil: Prof. De Franco Paz, Prof. Meleiro Vázquez e Profª. Álvarez Pérez.
- Con data do 25 de novembro de 2019, co profesor encargado da docencia da materia “Dereito Constitucional I”.

O contido das referidas reunións pode consultarse no Anexo I, nos documentos “Informe relativo á reunión Área de Dereito Constitucional” e “Informe relativo á reunión Área de Dereito Civil”.

Os referidos informes foron presentados a Comisión de Calidade, sendo obxecto de debate pola mesma.

Por outra banda, no marco da reunión de coordinación mantida co profesorado, o mesmo día 8 de novembro, a continuación da xuntanza cos representantes do alumnado, foron obxecto de análise as observacións de carácter xeral realizadas polo alumnado.

B. SEGUNDO PERIODO

No segundo período, requeriuse ao profesorado a elaboración dos cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de traballo –de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

No segundo período, as reunións de coordinacións víronse notablemente afectadas pola declaración do estado de alarma e a correlativa suspensión de toda actividade académica presencial. Así, dende unha perspectiva formal, as xuntanzas, tanto con representantes de alumnas/os, como co profesorado, desenvolvéronse on line, a través da plataforma telemática “Campus Remoto” da Universidade de Vigo. Por outra banda, dende unha perspectiva material, tales xuntanzas procuraron analizar, fundamentalmente, as disfuncións derivadas do tránsito da docencia presencial

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

a docencia a distancia. Malia as dificultades, mantivéronse todas as reunións de coordinación: co alumnado (23 de abril de 2020), co profesorado (24 de abril de 2020), no marco do PCEO ADE-Dereito (11 de maio de 2020) e coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (14 de xullo de 2020). Debe destacarse, en particular, a labor de traslado aos docentes das preocupacións do alumnado polo desenvolvemento da docencia durante o estado de alarma. Tal traslado realizouse no marco da reunión de coordinación do día 24 de abril de 2020 e, así mesmo, contactando directamente, vía telefónica ou correo electrónico, cos docentes implicados. Os contidos das reunións de coordinación poden consultarse nas actas correspondentes no Anexo I

Por outra banda, a equipa decanal informou puntualmente ao profesorado de todas cuestións relativas ao desenvolvemento non presencial da docencia: suspensión da docencia e ferramentas telemáticas para a docencia on line –sinaladamente, funcionamento da plataforma telemática “Campus Remoto”, asignando a cada materia, en grupo teórico e, así mesmo, práctico, a correspondente aula virtual-.

Finalmente, debe salientarse a remodelación das guías docentes efectuada no segundo período e co obxecto de adaptar as mesmas á docencia on line por mor da suspensión da docencia presencial. Tal proceso de remodelación efectuouse mediante a incorporación de adendas ás guías docentes das materias de conformidade co previsto nas seguintes normas e documentos:

- Instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado 2/2020, do 30 de marzo de 2020, sobre actividade docente durante o período de peche de centros debido ao Covid-19 (apartado 3.1).
- Acuerdo de REACU de 3 de abril de 2020, ante la situación de excepción provocada por el COVID-19.
- Instrucións do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas universidades do Sistema universitario de Galicia.
- Resolución Reitoral do 7 de abril de 2020, sobre a obriga de impartir docencia virtual na Universidade de Vigo.
- Manual de urxencia da Universidade de Vigo para a docencia e a avaliación debido á Covid-19. Marco normativo e recomendacións (primeira versión e versión 2.0).
- Resolución Reitoral do 14 de abril de 2020 sobre avaliación virtual na universidade de Vigo durante o estado de alarma.
- Actuacións da ACSUG ante a alerta sanitaria provocada polo COVID-19 no que se refire aos programas de avaliación de títulos e centros (Documento de 15 de abril de 2020).
- Recomendaciones sobre criterios generales para la adaptación del sistema universitario español ante la pandemia del Covid-19, durante el curso 2019-2020, Conferencia General de Política Universitaria, Ministerio de Universidades (Documento de 15 de abril de 2020).
- Informe sobre Procedimientos de Evaluación no Presencial. Estudio del Impacto de su Implantación en las Universidades Españolas y Recomendaciones (16 de abril de 2020)
- Informe de la CRUE sobre el impacto normativo de los procedimientos de evaluación online: protección de datos y garantía de los derechos de las y los estudiantes.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

As adendas a cada unha das guías docentes das materias do Grao en Dereito recolleron os aspectos seguintes:

- Metodoloxía: no caso de materias do segundo período cuxa impartición resultou afectada pola suspensión da docencia presencial, sinalando os docentes os métodos e ferramentas empregados para a impartición virtual dos contidos.
- Avaliación: tanto no caso de materias do primeiro como do segundo período, indicando:
 - No caso de materias do segundo período, as modificacións operadas nos sistemas de avaliación continua, así como a efectos de avaliación final, nas convocatorias de primeira e segunda oportunidade
 - No caso de materias do primeiro período, as modificacións operadas a efectos de avaliación final na convocatoria de segunda oportunidade.

O proceso de elaboración das adendas foi o seguinte:

- Solicitud pola coordinación de Grao, con data do 17 de abril de 2020, da información correspondente, remitindo un modelo de ficha, para o Grao e para o PCEO, a cumprimentar polo coordinador de cada materia
- Elaboración das fichas polos/as coordinadores de cada materia –en galego ou castelán, segundo a súa elección-, previo consenso co profesorado implicado.
- Remisión aos docentes dun borrador, con data do 22 de abril de 2020, con carácter previo á reunión de coordinación co profesorado celebrada o día 24 de abril de 2020.
- Presentación ao representantes de alumnos no marco da reunión de coordinación cos delegados de curso do Grao e do PCEO, celebrada o día 23 de abril de 2020.
- Revisión das adendas pola coordinación de Grao, requirindo, no seu caso ao profesorado, as correccións pertinentes de conformidade coas instrucións remitidas pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e normativa e documentos de aplicación.
- Revisión e aprobación na sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada, por medio de correo electrónico, o 30 de abril de 2020
- Revisión e aprobación na sesión extraordinaria da Comisión Permanente da Facultade de Dereito, celebrada, por medio de correo electrónico, o 30 de abril de 2020.
- Remisión, con data do 30 de abril de 2020, á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e publicación na páxina web do centro.

4.3.2. Accións de mellora para o curso 2020/2021

En relación coa coordinación do Grao e Simultaneidade, as propostas de mellora serían as seguintes:

- Sincronización dos calendarios académicos das Facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo
- Elaboración dun calendario conxunto de probas de avaliación continua para detectar solapamentos e sobrecargas de traballo

No relativo ao Plan de Acción Titorial:

En relación ao Grao, analizada a participación e resultados dos cuestionarios de satisfacción, estimase necesario:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Proseguir na utilización de formularios telemáticos, fomentando a participación dos alumnos.
- Elaborar formularios distintos para profesores-titores e alumnos-titores-
- Analizar, no marco da Comisión de Calidade, as respostas e propostas de reforma do alumnado – sinaladamente, a petición de incremento do seguimento ou de “afondamento en materias concretas”-.
- Analizar, no marco da Comisión de Calidade, as respostas e propostas de reforma de profesores-titores e alumnos-titores –sinaladamente, de realización conxunta das reunións iniciais e de seguimento ou de fortalecemento das accións de seguimento-.

En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

- No vindeiro curso renovaranse os convenios derogados e tentárase a sinatura de novos convenios con organismos públicos e privados. Non obstante, debe terse en conta a situación de pandemia actual que condicionará, sen dúbida, a execución desta materia, tanto nos prazos como probablemente na forma de incorporación.
- Por esto último, na medida do posible, tentárase potenciar a realización de prácticas externas extracurriculares polo alumnado co obxectivo de non concentrar as prácticas nunha época concreta do curso académico e facilitar a súa incorporación gradual.

En relación coa coordinación de relacións internacionais e programas de mobilidade:

- Proseguir nas labores de difusión das convocatorias de mobilidade da Universidade de Vigo, así como no acompañamento do alumnado participante nas mesma.

En relación coa coordinación da materia de TFG:

- Configurar o prazo de defensa do TFG do mes de setembro como último prazo de defensa do curso anterior –e non como primeiro prazo do curso seguinte-, para mellorar as taxas de idoneidade e gradación. Este prazo de setembro habilitárase xa en setembro de 2020 como último prazo de curso 2019/20.
- Habilitar un novo prazo de defensa do TFG no mes de febreiro, para que o alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que poderá tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O novo prazo pode ser interesante tamén para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

5. Conclusións

A través das reunións mantidas co alumnado, profesorado, titores/as de prácticas externas e titores/as de traballos de fin de Grao, o equipo de coordinación cumpre co establecido na memoria do Grao. Ademais, elo permite proporcionar á Comisión de Calidade e ao Decanato información relativa ao proceso de implantación do Sistema de

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Garantía Interno da Calidade do centro no Grao en Dereito e na simultaneidade de estudos ADE-Dereito, tanto en relación coas incidencias detectadas, como a efectos de seguimento dos plans de mellora.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e na simultaneidade ADE-Dereito extráese, como principal conclusión, que os datos e indicadores obtidos así como os principais problemas e incidencias detectados pola coordinación foron obxecto de análise minuciosa, tanto dende a Coordinación como na Comisión de Calidade, coa finalidade de avanzar na mellora continua da titulación mediante a proposta de accións de mellora.

6. Anexos

Para completar a información, achéganse, en Anexos, os documentos seguintes:

- ANEXO I: Actas de reunións de coordinación e informes sucesivos
- ANEXO II: Informe Seguimento TFG
- ANEXO III: Informe de seguimento. Prácticas curriculares
- ANEXO IV: Informe de seguimento. Relacións internacionais
- ANEXO VI: Informe Final Revisión das guías docentes 2019-2020
- ANEXO VI: Informe Final PAT 2019-2020

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

ANEXO I: ACTAS DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN E INFORME SUCESIVOS

Acta da reunión da Coordinadora do Grao en Dereito e da Vicedecana de Organización Académica coas/os delegadas/os do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito, celebrada o día 8 de novembro de 2019:

<p>Lista de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Profª. Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grao) 2. Profª. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 3. Alumnado: Grao: - Cristina Pereira Pérez (1º Grao) - Nicolás Balsa Fernández (2º Grao) - Florín Sebastián Neague (2º Grao) - Antela María Santos Rodríguez (3º Grao) - Isaías Basilio Souza (3º Grao) - María Janet López Álvarez (4º Grao) - Karla Marra Cid (4º Grao) PCEO: - Miguel Nogueiras Ogando (1º PCEO) - Ana Hernández Herrera (1º PCEO) - Rocío Mosquera Fernández (2º PCEO) - Andrea Maquieira Cruces (2º PCEO) 	<p>Acta da reunión convocada coas delegadas/os de curso pola Coordinadora do Grao en Dereito e a Vicedecana de organización académica, o día 8 de novembro de 2019, ás 11:00 na sala de Xuntas do decanato, co seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1º. Informes da Coordinación do Grao. 2º. Exposición, por parte das delegadas/os asistentes, do seu balance do curso académico. 3º. Rogos e preguntas.
---	---

Punto 1º. Informes da Coordinación do Grao.

1. A Coordinadora agradece a asistencia á reunión de todos os delegados/as e da Vicedecana de Organización Académica. Espera que dita actividade repercuta de forma positiva na calidade do Centro.
2. A coordinadora informa sobre:
 - 2.1. Reunión PAT
 - 2.2. Google Calendar

Punto 2º. Exposición, por parte dos delegados/delegadas asistentes, do seu balance do curso académico.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

A finalidade deste punto da orde do día, motivo principal da convocatoria, é a exposición e valoración por parte das/os delegadas/os do funcionamento e balance do curso académico ata ese momento.

O alumnado, con carácter xeral, valora positivamente o desenvolvemento da docencia. Con todo a continuación, destacan as incidencias, disfuncións ou preocupacións seguintes:

PRIMEIRO CURSO:

Grao:

- A delegada presente pregunta polo procedemento de revisión de exames, respostando a Vicedecana de Organización Académica que deben consultar o procedemento a tal efecto previsto. Segundo este, a impugnación da cualificación debe dirixirse ao Departamento correspondente, que procederá ao nomeamento dun Tribunal para valorar de novo a proba realizada.
- Os representantes do alumnado de primeiro curso sinalan que sendo a asistencia a clase teórica voluntaria –segundo o previsto na correspondente guía docente-, o alumnado percibe que o Prof. González-Ares Fernández realiza un seguimento dos alumnos que si acoden ás clases teóricas e valora negativamente a quen opta por non asistir ás citadas clases: así, recollendo nas clases teóricas, prácticas obxecto de entrega obrigatoria –asinando os alumnos a citada entrega-, requirindo ao alumnado que acude a clases teóricas a realización de tarefas a entregar –en particular, resúmenes que non se contemplan nin na guía docente, nin no cronograma- ou realizando comentarios destacando a diferenza entre o número de asistentes ás clases teóricas e o número de asistencias ás clases prácticas.

PCEO:

- A delegada presente pregunta polo procedemento de cambio de data dunha proba de avaliación continua. Sinala que tendo accedido o Prof. de Dereito Romano a realizar unha proba parcial, un grupo de estudantes solicitou cambiar a data inicialmente consensuada, ao que o docente accedeu. A Vicedecana de Organización Académica e a Coordinadora sinalan que non hai procedemento sobre o particular, porque non se trata dunha proba final de carácter oficial, senón dunha proba de avaliación continua, que, por outra banda, non se atopa recollida nin na guía docente, nin no cronograma da materia. Polo que se recomenda, para evitar disfuncións como a sinalada, que todas as probas de avaliación continua se consignent tanto na guía docente como no cronograma. O que se decide trasladar ao profesorado implicado.
- Os representantes do alumnado de primeiro curso do PCEO coinciden, respecto da materia “Dereito constitucional”, coas valoracións realizadas polos representantes de primeiro curso do Grao.

SEGUNDO CURSO:

Grao:

- Os delegados presentes poñen de manifesto que o Prof. de “Dereito Civil I. Obrigas e contratos” chega a clase, de xeito reiterado, cun retraso de 25-30 minutos.
- Os delegados presentes preguntan se, no caso de materia que controlen a asistencia –neste caso “Dereito Penal II”-, as faltas poden xustificarse mediante presentación de certificados de asistencia a consultas médicas, en servizos de urxencia ou doutro tipo. A Vicedecana de Organización Académica e a Coordinadora sinalan que cómpre estar ao previsto na correspondente guía docente, pero que, en todo caso, de prantexarse algunha circunstancia especial –unha enfermidade crónica segundo apunta unha delegada-, deben poñela en coñecemento do profesorado, para procurar atopar unha solución adecuada.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

PCEO:

- As delegadas presentes destacan problemas de coordinación entre o profesorado encargado de impartir a docencia teórica (Prof. de Franco Paz) e o profesorado encargado de impartir a docencia práctica (Prof. Meleiro Vázquez) na materia “Dereito Civil I. Obrigas e contratos”. Destacan, por outra banda, un retraso considerable na explicación da materia.

TERCEIRO CURSO:

Grao:

- Os delegados presentes destacan problemas de coordinación entre o profesorado encargado de impartir a docencia teórica (Prof. Abundancia Domínguez) e o profesorado encargado de impartir a docencia práctica (Prof. Álvarez Pérez) na materia “Dereito Civil III. Familia e Sucesións”. Destacan, por outra banda, un retraso considerable na explicación da materia –en concreto, segundo indica o alumnado presente, a día 8 de novembro, só se explicaron 4 temas-, polo que as prácticas versan sobre temáticas aínda non abordados en clases teóricas.

CUARTO CURSO:

Grao:

- As delegadas presentes destacan a densidade e dificultade da materia “Dereito Mercantil II” que só ten asignados 6 créditos. Con todo, valoran positivamente a labor do profesorado da citada materia.

O delegado de 2º curso, Nicolás Balsa destaca notables carencias do alumnado no relativo ao seu coñecemento da normativa e procedementos de aplicación na Facultade de Dereito e na Universidade de Vigo . A Vicedecana de Organización Académica sinala que todo elo é obxecto de publicación na páxina web do centro e da Universidade e que, en todo caso, queda a súa disposición para resolver aquelas dúbidas que se prantexen.

A Vicedecana de Organización Académica informa ao alumnado presente da celebración, o día 19 de novembro, da Feira de Emprego Orienta Iuris, requirindo a súa participación e colaboración.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas. A coordinación agradece de novo a presenza das/os delegadas/os na reunión.

Levántase a sesión ás 12.15 horas.

Ourense, 8 de novembro de 2019

Asdo.: Francisca Fernández Prol
Coordinadora do Grao en Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Informe relativo á reunión celebrada pola Sr^a Decana da Facultade de Dereito, a Vicedecana de Organización Académica e a Coordinadora do Grao en Dereito co Prof. González-Ares Fernández para trasladarlle as valoracións realizadas polos representantes de alumnos no marco da reunión de coordinación celebrada o día 8 de novembro de 2019:

PRIMEIRO.- Con data do 22 de novembro de 2019, a Coordinadora do Grao en Dereito remitiu unha comunicación ao Prof. González-Ares Fernández para trasladarlle as valoracións relativas a súa docencia realizadas polos delegados de alumnos no marco da reunión de coordinación celebrada o día 8 de novembro de 2019. Pois o citado Prof. non acudiu a reunión co profesorado desenvolvida ese mesmo día, desculpando a súa ausencia e entregando un informe relativo ao desenvolvemento da súa docencia.

SEGUNDO.- As referidas valoracións –recollidas na acta da reunión do día 8 de novembro- foron as seguintes:

- “Os representantes do alumnado de primeiro curso [do Grao en Dereito] sinalan que sendo a asistencia a clase teórica voluntaria –segundo o previsto na correspondente guía docente-, o alumnado percibe que o Prof. González-Ares Fernández realiza un seguimento dos alumnos que si acoden ás clases teóricas e valora negativamente a quen opta por non asistir ás citadas clases: así, recollendo nas clases teóricas, prácticas obxecto de entrega obrigatoria –asinando os alumnos a citada entrega-, requirindo ao alumnado que acude a clases teóricas a realización de tarefas a entregar –en particular, resúmenes que non se contemplan nin na guía docente, nin no cronograma- ou realizando comentarios destacando a diferenza entre o número de asistentes ás clases teóricas e o número de asistencias ás clases prácticas”.
- “Os representantes do alumnado de primeiro curso do PCEO coinciden, respecto da materia “Dereito constitucional”, coas valoracións realizadas polos representantes de primeiro curso do Grao”.

TERCEIRO.- Sobre o particular, o Prof. González-Ares Fernández manifesta:

- Que en ningún caso obriga ao alumnado a acudir ás clases teóricas, pois as mesmas son de asistencia voluntaria.
- Que en ningún caso pasa lista do alumnado asistente a clase teórica.
- Que en ocasións solicita a realización de resúmenes para afondar sobre cuestións que, segundo o propio alumnado, suscitara dúbidas.
- Que unicamente recolle en clase teórica as prácticas ou tarefas, segundo o cronograma obxecto de entrega obrigatoria, anotando aos alumnos que realizan a devandita entrega
- Que se opta por tal sistema de entrega toda vez que as clases prácticas –obrigatorias- son a continuación das clases teóricas, procedendo a un control das entregas para evitar confusións ou prácticas fraudulentas (estudantes que mintan respecto das prácticas entregadas ou procedan a súa entrega fóra de prazo).

CUARTO.- A Sr^a Decana da Facultade de Dereito, a Vicedecana de Organización Académica e a Coordinadora do Grao en Dereito realizan as seguintes intervencións:

- A Coordinadora do Grao suxire, para evitar malentendidos, que a entrega de prácticas se realice a través da plataforma de teledocencia.
- A Vicedecana de Organización Académica sinala que é precisa unha especial sensibilidade para tratar co alumnado de primeiro curso, pola súa xuventude e escasa experiencia, polo que lle pide ao Prof. González-Ares Fernández un esforzo en dito sentido.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- A Sr^a Decana coincide en que a entrega de tarefas obrigatorias en clases –prácticas- de asistencia voluntaria pode xerar disfuncións.

QUINTO.- O Prof. González-Ares Fernández accede a que as entregas non se realicen en clases prácticas. Con todo, prefire a entrega física das prácticas desbotando a opción da entrega telemática.

Ourense, 25 de novembro de 2019.

Asdo. Francisca Fernández Prol
Coordinadora do Grao en Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Informe relativo á reunión celebrada pola Sr^a Decana da Facultade de Dereito, a Vicedecana de Organización Académica e a Coordinadora do Grao en Dereito co Profesorado da área de Dereito Civil para trasladarlle as valoracións realizadas, respecto da súa docencia, polos representantes de alumnos no marco da reunión de coordinación celebrada o día 8 de novembro de 2019:

PRIMEIRO.- Con data do día 8 de novembro de 2019, a continuación da reunión celebrada cos delegados de curso, tivo lugar unha reunión co profesorado co obxecto do de trasladarlle as disfuncións relativas aos desenvolvemento da docencia sinaladas polos alumnos. Á citada reunión, da área de Dereito Civil, só acudiu a Prof^a. Álvarez Pérez.

SEGUNDO.- Con data do día 22 de novembro convocouse ao Profesorado da área de Dereito Civil a unha reunión inicialmente prevista para o día 26 de novembro ás 13:30. Dadas as dificultades de asistencia manifestadas polos Prof. Meleiro Vázquez e De Franco Paz, procedeuse a unha nova convocatoria para o día 27 de novembro ás 16:30. A esta reunión acudiron os Prof. De Franco Paz, Meleiro Vázquez e Álvarez Pérez. O Prof. Abundancia Domínguez non respostou a ningunha das comunicacións remitidas convocando ás reunións, nin acudiu a xuntanza finalmente celebrada o día 27 de novembro.

TERCEIRO.- As valoracións relativas ás materias impartidas pola área de Dereito Civil, recollidas na acta da reunión do día 8 de novembro e trasladadas ao profesorado presente na reunión foron as seguintes:

- Alumnado de segundo curso do PCEO: “As delegadas presentes destacan problemas de coordinación entre o profesorado encargado de impartir a docencia teórica (Prof. de Franco Paz) e o profesorado encargado de impartir a docencia práctica (Prof. Meleiro Vázquez) na materia “Dereito Civil I. Obrigas e contratos”. Destacan, por outra banda, un retraso considerable na explicación da materia”.
- Alumnado de terceiro curso do Grao: “Os delegados presentes destacan problemas de coordinación entre o profesorado encargado de impartir a docencia teórica (Prof. Abundancia Domínguez) e o profesorado encargado de impartir a docencia práctica (Prof^a. Álvarez Pérez) na materia “Dereito Civil III. Familia e Sucesións”. Destacan, por outra banda, un retraso considerable na explicación da materia –en concreto, segundo indica o alumnado presente, a día 8 de novembro, só se explicaron 4 temas-, polo que as prácticas versan sobre temáticas aínda non abordadas en clases teóricas”.

CUARTO.- Sobre o particular, o Prof. De Franco Paz manifesta:

- Que o Grao en Dereito, froito do chamado plan Bolonia, foi ideado para alumnado disposto a estudar de xeito autónomo, o que, na práctica da Facultade de Dereito, non sucede.
- Que o plan de estudos do Grao en Dereito non contempla horas suficientes para impartir toda a materia de Dereito Civil.
- Que, xa que logo, a única opción é que parte dos contidos sexan obxecto de estudio polos manuais recomendados.
- Que a referida remisión a manuais pode redundar nun elevadísimo número de suspensos.

QUINTO.- A Prof. Álvarez Pérez recoñece tanto as dificultades de coordinación co docente encargado de impartir a teoría, como o referido retraso na explicación do temario, o que, de xeito singular, redunda nunha especial dificultade para impartir as clases prácticas –das que é docente-.

SEXTO.- O Prof. Meleiro Vázquez non sinala ningunha dificultade no desenvolvemento da docencia, realizando prácticas sobre a teoría xa explicada.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

SÉTIMO.- A Sr^a Decana da Facultade de Dereito, a Vicedecana de Organización Académica e a Coordinadora do Grao en Dereito realizan as seguintes reflexións:

- Destacan a necesidade de abordar todo o temario, aínda de xeito esquemático, pois o retraso, en particular na materia “Dereito Civil III” implica que non se aborden temáticas esenciais, por exemplo sucesións.
- Destacan que todas as materias do Grao en Dereito resultaron afectadas polo recorte de horas de docencia, adaptándose ao novo contexto, no seu caso facilitando material de estudo –esquemas...- ao alumnado
- Poñen de manifesto que a coordinación entre os docentes dunha materia –sinaladamente, entre os profesores de grupos grandes e medianos- é fundamental, sendo intolerable que a un docente non se lle proporcione o cronograma correspondente –como así sucedeu no presente curso académico ata que o Decanato requiriu a remisión do citado cronograma-.

OCTAVO.- O Prof. De Franco Paz accede a preparar e facilitar, xa no marco das materias correspondentes ao segundo período e para vindeiros cursos académicos, esquemas ou outro tipo de material de estudo, abarcando deste xeito o temario completo.

Ourense, 27 de novembro de 2019.

Asdo. Francisca Fernández Prol
Coordinadora do Grao en Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Reunión de Coordinación co profesorado do Grao en Dereito e Simultaneidade ADE-Dereito, celebrada o día 8 de novembro de 2019.

<p>Lista de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Profª. Francisca Fernández Prol (Coordinadora) 2. Profª. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 3. Prof. Roberto Ignacio Fernández López 4. Profª. Ana María Tobío Rivas 5. Profª. Mónica Siota Álvarez 6. Profª. Ana María Martín Romero 7. Prof. José Mosquera Casero 8. Profª. Zoraida Álvarez Pérez 	<p>Acta da reunión ordinaria convocada en base ao procedemento de Coordinación do Grao pola Coordinadora do Grao en Dereito, o día 8 de novembro de 2019, ás 12:30 na sala de Xuntas do Decanato, co seguinte orde do día:</p> <p>1.º- Informes da Coordinadora de Grado.</p> <p>2.º- Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do que levamos de curso académico: horarios, grupos, rendemento do alumando, etc así como outras cuestións que consideren de interese.</p> <p>3.º- Rogos e preguntas</p>
---	--

Punto 1º. Informes da Coordinadora do Grao.

1. Agradecemento da Coordinadora do Grao pola asistencia á xuntanza de todos os profesores presentes, posto que elo implica un incremento das súas actividades docentes, polo que se agarda dita actividade repercuta de forma positiva na calidade e funcionamento da Titulación.

Desculparon a súa asistencia a dita reunión os seguintes profesores:

- Dª. María José Bravo Bosch
- D. José Agustín González-Ares (remite escrito descriptivo do desenvolvemento da docencia da materia "Dereito Constitucional I")
- Dª. Belén Sánchez Ramos
- Dª. Lourdes Borrajo
- D. Virxilio Rodríguez
- Dna. Marta Fernández Prieto

2. Infórmase ao profesorado das seguintes cuestións:

2.1. Desenvolvemento da docencia:

Tal desenvolvemento estímase adecuado, non téndose recibido por parte do alumnado comunicacións de disfuncións de carácter xeral relevantes. Elo, sen prexuízo, de incidencias relativas a materias concretas que serán obxecto de análise co profesorado implicado.

Lémbrese, con todo, ao profesorado:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- O necesario cumprimento do estipulado nos correspondentes cronogramas, sen prexuízo de que, puntualmente, sexa precisa algunha adaptación.
- A necesaria coordinación entre o profesorado –inclusive interno e externo (asociados), de teoría e práctica- que comparte materia.
- O necesario cumprimento do horario de clase, evitando, na medida do posible, cambios e posteriores recuperacións de docencia.

2.2. Elaboración do google calendar.

A referida ferramenta xa se atopa a disposición do alumnado na páxina web do centro. Sobre o particular, destácanse algunhas dificultades, polo que se roga ao profesorado que consigne nos correspondentes cronogramas as datas e horarios concretos das probas de avaliación. A Coordinadora roga, así mesmo, se desculpe algún erro en relación coas probas de Dereito Mercantil, con todo xa subsanados.

Punto 2º. Exposición por parte do profesorado asistente do seu balance do curso académico.

A finalidade deste punto da orde do día, motivo principal da convocatoria, é a exposición e valoración, por parte do profesorado, do funcionamento e balance do curso académico ata ese momento.

O profesorado presente amosa, con carácter xeral, a súa satisfacción co desenvolvemento da docencia, non sinalando incidencias ou disfuncións relevantes.

Algún docente destaca que o cronograma conforma unha ferramenta valiosa a efectos de planificación da docencia e, así mesmo, a efectos de coordinación con outros profesores con docencia na mesma materia. Con todo, recoñece, así mesmo, algún retraso puntual respecto do previsto nos cronogramas.

A Profª. Álvarez Pérez, con docencia de carácter fundamentalmente práctico, recoñece dificultades de coordinación cos docentes encargados de impartir os grupos teóricos, polo que amosa o seu interese en procurar unha mellor comunicación cos citados docentes.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas. A coordinadora agradece de novo a presenza do profesorado na reunión.

Levantase a sesión ás 13:05 horas.

Ourense, 8 de novembro de 2019.

Fdo.: Francisca Fernández Prol

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Acta da reunión da Coordinadora do Grao en Dereito e da Vicedecana de Organización Académica coas/os delegadas/os do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito, celebrada o día 23 de abril de 2020:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grado) 2. Prof^a. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 3. Prof^a. Marta Fernández Prieto 4. Alumnado: <p>Delegados de Curso de Grao e PCEO:</p> <p>Grao:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rayssa Sabino de Farias (1º Grao) - Nicolás Balsa Fernández (2º Grao) - Florín Sebastián Neague (2º Grao) - Antela María Santos Rodríguez (3º Grao) - Isaías Basilio Souza (3º Grao) - María Janet López Álvarez (4º Grao) - Karla Marra Cid (4º Grao) <p>PCEO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Miguel Nogueiras Ogando (1º PCEO) - Ana Hernández Herrera (1º PCEO) - Rocío Mosquera Fernández (2º PCEO) - Andrea Maquieira Cruces (2º PCEO) - Anaïs Fernández Barja (4º PCEO). - Mireia Gil (5º PCEO) - Verónica Fernández (5º PCEO) 	<p>Acta da reunión cos/as delegadas/os de curso, celebrada o día 23 de abril de 2020, ás 12:30 a través do Campus Remoto, co seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1º. Informes da Coordinación do Grao. 2º. Exposición, por parte das delegadas/os asistentes, do seu balance do segundo período do curso académico. 3º. Rogos e preguntas.
--	--

Punto 1º. Informes da Coordinación do Grao.

A Coordinadora agradece a asistencia á reunión de todos os delegados/as, da Vicedecana de Organización Académica, así como da Decana da Facultade de Dereito.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Dada a particular situación –de suspensión da docencia presencial por mor da declaración do estado de alarma-, toma a palabra a Decana da Facultade de Dereito, expoñendo a xestión da Universidade de Vigo e da propia Facultade de Dereito no tránsito da docencia presencial á docencia telemática. Nese sentido, sinala, en primeiro lugar, que se procurou cambiar metodoloxías e asegurar o desenvolvemento on line da docencia dende a primeira semana, mediante o recurso a varias ferramentas: aulas virtuais, Faitic ou correo electrónico, entre outros.

A Decana sinala así mesmo que se procuraron solventar problemas técnicos, remitindo ao alumnado dous correos electrónicos para que manifestaran dificultades técnicas, por exemplo de conexión.

A Decana destaca, ademais, que tamén as guías docentes foron obxecto de modificación co obxecto de introducir adendas que contemplaran os cambios de metodoloxía, inclusive a efectos de avaliación, continua e, así mesmo, final. A Decana agradece ao alumnado o esforzo de adaptación que están a levar a cabo.

Punto 2º. Exposición, por parte dos delegados/delegadas asistentes, do seu balance do curso académico.

GRAO:

PRIMEIRO:

A delegada de primeiro curso valora positivamente o emprego por parte do profesorado das Aulas Virtuais do Campus Remoto. Destaca, con todo, dificultades de comprensión de materias do ámbito económico –“Principios de Economía” e “Fundamentos de Contabilidade”- no relativo, fundamentalmente, aos exercicios prácticos plantexados polo profesorado. A Coordinadora sinala que se trasladarán ao citado profesorado as referidas dificultades.

A delegada valora especialmente a teledocencia das materias “Dereito Constitucional II” e “Introdución ao dereito civil e dereito da persoa”. Respecto desta última materia destaca, por outra banda, que lle parece escasa a puntuación outorgada aos casos prácticos remitidos vía Faitic –só un 20 por 100- ao ter que entregarse 10 casos prácticos. A Coordinadora sinala que se trasladará ao profesorado implicado este parecer.

SEGUNDO:

O delegado de segundo curso manifesta a preocupación dos estudantes polo sistema de avaliación que resultará aplicable en materias como “Dereito Civil II” e “Dereito Administrativo I”, ao sinalarlle os docentes estar pendentes das resolucións da Uvigo sobre o particular.

A Coordinadora sinala que se trasladará ao profesorado implicado a demanda dos alumnos.

TERCEIRO:

O delegado de terceiro curso destaca que logo da suspensión da docencia estiveron dúas semanas sen docencia, o que, a continuación se traduciu, nunha sobrecarga de traballo (tendo que entregar varias prácticas e tarefas, así como realizar exames de avaliación continua). Ademais, o citado delegado sinala que só dous docentes están a empregar as aulas virtuais.

O delegado valora positivamente as metodoloxías empregadas nas materias “Dereito Internacional Privado” –aínda que, neste caso o tempo sinalado para a realización dunha proba estímase escaso-, e “Dereito Procesual Penal” –posto que se empregan as aulas virtuais-. No caso da materia “Dereito Financeiro e Tributario” produciuse, ao seu entender, a referida sobrecarga de traballo.

O delegado sinala que no caso das materias “Xurisdición contencioso-administrativa e proceso laboral”, así como “Dereito Administrativo II” non coñecen aínda o sistema de avaliación, ao sinalarlle os docentes estar pendentes das resolucións da Uvigo sobre o particular.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

CUARTO:

As delegadas de cuarto curso de Grao valoran, en xeral, de xeito positivo o desenvolvemento da docencia virtual, así como a información facilitada respecto dos sistemas de avaliación.

PCEO:

PRIMEIRO:

O delegado de primeiro curso do PCEO coincide coa representante de primeiro curso do Grao na valoración positiva da docencia on line.

SEGUNDO:

As delegadas de segundo curso do PCEO coinciden co delegado do mesmo curso do Grao na preocupación relativa aos métodos de avaliación aplicables nas materias “Dereito Civil II” e “Dereito Administrativo I”.

A Coordinadora sinala que se trasladará ao profesorado implicado a demanda dos alumnos.

TERCEIRO:

A delegada de terceiro curso do PCEO destaca:

- Sobrecarga de traballo debido ao tránsito a docencia non presencial e posterior recuperación.
- Inadecuación da metodoloxía empregada na materia “Dereito Penal II”, ao non impartirse clases virtuais e só publicar os temas na plataforma Faitic.
- No caso da materia “Dereito Financeiro e Tributario”, estima o peso atribuído á avaliación continua escaso.

A Coordinadora sinala que se trasladarán ao profesorado implicado as demandas dos alumnos.

CUARTO:

A delegada de cuarto curso do PCEO pregunta se o exame de “Dereito Financeiro e Tributario II” será oral, ao que se resposta que non.

Así mesmo, a citada representante pon de manifesto sobrecarga de probas de materias do Grao en Dereito –probas finais- e do Grao en ADE –probas de avaliación continua-. A coordinadora e a Vicedecana sinalan que resulta moi complexo non incorrer en sobrecargas polo elevado número de probas a desenvolver e por ter as Facultades de Dereito e ADE calendarios académicos diferentes. A Coordinadora sinala que esta cuestión será tratada na reunión de coordinación cos representantes do Grao en ADE.

QUINTO:

As delegadas amosan preocupación pola materia “Xurisdición contencioso-administrativa e proceso laboral”, pois aínda se descoñece o sistema de avaliación final e por non empregarse as aulas virtuais, tendo proposto o docente só a realización de videochamadas par a resolución de dúbidas.

A Coordinadora sinala que se trasladará ao profesorado implicado esta preocupación.

Logo dun debate, os representantes dos alumnos acordan que as demandas dos estudantes son, en esencia, as seguintes:

- Recurso polos docentes as aulas virtuais

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Racionalización da carga de traballo
- Clarificación dos sistemas de avaliación e, en particular, determinación do peso atribuído á avaliación continua.

Realizada unha pregunta sobre o método de defensa dos TFG, a Decana e coordinadora dos TFGs sinala que, en principio, esta realizarase on line a través do Campus Remoto.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas. A coordinación agradece de novo a presenza das/os delegadas/os na reunión.

Levántase a sesión ás 14.15 horas.

Ourense, 23 de abril de 2020

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Reunión de Coordinación co profesorado do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito celebrada o día 24 de abril de novembro de 2020:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora) 2. Prof^a. Marta Fernández Prieto (Decana) 3. Prof^a. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica) 4. Prof. José Abundancia Domínguez 5. Prof^a. Lourdes Borrajo Diz 6. Prof. Roberto Bustillo Bolado 7. Prof. Roberto Couto Calviño 8. Prof. José Ramón de Dios Dios 9. Prof^a. Dolores Fernández Fustes 10. Prof^a. Elena Gallego Rodríguez 11. Prof. Javier García Vidal 12. Prof. José Agustín González-Ares Fernández 13. Prof.^a Inés Iglesias Canle 14. Prof. Roberto Ignacio Fernández López 15. Prof. José Manuel García Sobrado 16. Prof^a. Ana María Martín Romero 17. Prof^a. Miriam Martínez García 18. Prof. David de León Rey 19. Prof^a. Blanca Otero Otero 20. Prof. Juan Pintos Clapés 21. Prof. Virxilio Rodríguez Vázquez 22. Prof^a. Belén Sánchez Ramos 23. Prof^a. Mónica Siota Álvarez 	<p>Acta da reunión de Coordinación co profesorado do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito celebrada o día 24 de abril de 2020 a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.º- Informes da Coordinadora de Grao. 2.º- Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do segundo período do curso académico: metodoloxías, sinaladamente de docencia on line, rendemento do alumnado, etc así como outras cuestións que consideren de interese.
---	--

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito24. Prof^a. Ana María Tobío Rivas**Punto 1º. Informes da Coordinadora do Grao****1. Agradecemento da Coordinadora do Grao pola asistencia á xuntanza de todos os profesores presentes**

A coordinadora sinala que, posto que elo implica un incremento das súas actividades docentes, agarda que dita actividade repercuta de forma positiva na calidade e funcionamento da Titulación.

Toma a palabra a Decana, a Prof^a. Fernández Prieto, para expoñer a situación na que se atopa a Universidade e, de xeito particular, a Facultade de Dereito no marco da declaración do estado de alarma. A Decana enumera e describe as sucesivas resolucións ditas pola Universidade para facilitar o tránsito da docencia presencial á docencia on line. A Decana agradece o esforzo de adaptación realizado polo profesorado.

2. Traslado das preocupacións do alumnado manifestadas no marco da reunión de Coordinación mantidas cos seus representantes o día 23 de abril de 2020:

Aínda que se contacta persoalmente cos docentes implicados, a Coordinadora destaca as seguintes valoracións xerais consensuadas polos delegados de curso do Grao e do PCEO:

- Valoración moi positiva do recurso polos docentes as aulas virtuais
- Necesidade de racionalización da carga de traballo
- Necesidade de clarificación dos sistemas de avaliación e, en particular, determinación do peso atribuído á avaliación continua.
- Necesidade de ampliación dos tempos para a realización de cuestionarios on line.

Punto 2º. Exposición por parte do profesorado asistente do seu balance do curso académico

Toma a palabra o Prof. David de León Rey para manifestar que os seus alumnos solicitaron a substitución do exame final pola entrega dun traballo, solicitude que está aínda valorando. O docente destaca as dificultades de avaliación continua no marco da docencia on line, preguntando qué tipo de modificacións pode introducirse ao respecto. A Vicedecana destaca que caben modificacións respecto do inicialmente previsto na guía docente, correspondendo a cada profesor determinar a metodoloxía máis adecuada para acadar os obxectivos da materia.

Toma a palabra o Prof. Juan Pintos Clapés para valorar positivamente o recurso ás aulas virtuais á que asisten masivamente os alumnos. Comenta, así mesmo, a solicitude da delegada de primeiro curso para modificar a data dunha proba de avaliación continua por coincidir esta coa doutra materia. A Prof^a. Fernández Prieto suxire que se empregue a data prevista para a avaliación final.

O Prof. José Agustín González-Ares Fernández sinala que, no seu caso, non se introduciron reformas relevantes na guía docente, téndose flexibilizado, con todo, os requisitos de avaliación. Así mesmo, valora moi positivamente o recurso as aulas virtuais. Finalmente, solicita se adopten medidas para atender as dificultades técnicas –problemas de conexión- manifestadas por algúns alumnos.

A Prof^a. Elena Gallego Rodríguez manifesta que, dadas as dificultades de comprensión dos exercicios prácticos trasladadas polo alumnado e, así mesmo, pola Coordinadora, optou por recorrer a outras ferramentas: foros, resolucións gravadas, así como resolución de dúbidas vía mail. A citada docente pregunta, finalmente, se é recomendable empregar a ferramenta Moodle e non a de Claroline. A Prof^a. Lourdes Borrajo Diz sinala que poden solicitar o cambio de ferramenta e realizar probas.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

A Prof^a. Inés Iglesias Canle pregunta se é preciso proceder a gravación de exames orais. A Prof^a. Marta Fernández Prieto resposta que elo é recomendable e que poden empregarse para elo as Aulas Virtuais. Con todo, esta cuestión, segundo informa a Decana, será probablemente obxecto dunha resolución reitoral.

O Prof. José Manuel García Sobrado sinala, respecto das materias impartidas pola área de Dereito Penal, que se proporcionan temas pero non esquemas que deben elaborar os propios alumnos. Así mesmo, indica que están a proporcionarse casos prácticos. O citado docente sinala que, ao seu entender, os equipos directivos non están a atender adecuadamente os problemas técnicos dos alumnos. A Vicedecana, a Prof^a. Susana Álvarez González, sinala que se remitiron varios correos electrónicos para tentar coñecer tales problemas e procurar solventar os mesmos.

Toma a palabra o Prof. Virxilio Rodríguez Vázquez para destacar que no caso das materias de Dereito Penal introducíronse modificacións para adaptar as metodoloxías ao novo escenario de non presencialidade, prantexándose problemas puntuais obxecto de resolución. O citado docente amosa a súa preocupación polos cambios de criterio operados polo equipo directivo da Universidade de Vigo no relativo a metodoloxías, sinaladamente de avaliación.

A Prof^a. Belén Sánchez Ramos comparte esta mesma preocupación.

O Prof. Roberto Bustillo Bolado destaca que, precisamente para evitar cambios nos sistemas de avaliación, está a agardar, polo que respecta as materias de Dereito Administrativo, a que se aprobe un criterio definitivo por parte da reitoría.

A Prof^a. Mónica Siota Álvarez sinala que tales cuestións serán obxecto de análise e aprobación en Consello de Goberno, órgano do que forma parte. Adianta que defenderá que non se aprobe a proposta de que a avaliación continua represente obrigatoriamente un 40 por 100 da cualificación final, avogando por que este sexa un criterio meramente orientativo. En relación co tempo sinalado para as probas on line das materias da Área de Dereito Financeiro e Tributario, sinala que, ao seu entender, estes son suficientes. Destaca, con todo, problemas técnicos ao producirse a remisión das probas polos alumnos (ao proceder moitos alumnos a tal remisión simultánea, o programa informático tarda en responder).

A Prof^a. Mónica Siota Álvarez pregunta se as adendas ás guías docentes deben ser publicadas polos docentes. A Coordinadora resposta que o centro procederá á publicación das mesmas, sendo recomendable, con todo, a difusión a través de Fatic.

A Prof^a. Mónica Siota Álvarez solicita a organización dun curso para a realización de cuestionarios on line. A Decana sinala que se solicitará tal curso, con todo, polo de agora, pode empregarse un foro para a resolución de dúbidas do Campus Remoto

O Prof. Roberto Ignacio Fernández López considera que é necesario evitar un cambio de criterio de avaliación por parte da Reitoría, para evitar xerar aínda máis inseguridade xurídica. Entende, por outra banda, que tal cambio implicaría agravios comparativos para o alumnado. O docente sinala que, nesta ocasión, non optará por exames orais para non xerar máis intranquilidade ao alumnado.

O Prof. Roberto Couto Calviño pregunta se, no caso das materias do primeiro período, a remisión das adendas é así mesmo urgente. A Coordinadora resposta que, no caso destas materias, o prazo é máis flexible.

A Prof^a. Ana Tobío Rivas coincide coa valoración do Prof. Roberto Ignacio Fernández López de que un cambio de criterio no relativo aos sistemas de avaliación pode xerar agravios comparativos. Por outra banda, sinala que, dende a súa perspectiva, cómpre agardar antes de fixar os sistemas de avaliación para a convocatoria de xullo, pois a situación podería revertirse.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas. A Coordinadora e a Decana agradecen de novo a presenza do profesorado na reunión, así como o seu compromiso no desenvolvemento da docencia on line.

Levántase a sesión ás 14:30 horas.

Ourense, 24 de abril de 2020.

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Reunión da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), celebrada o día 11 de maio de 2020:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <p>9. Prof^a. Montserrat Cruz González (Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo)</p> <p>10. Prof. Javier Sánchez Sellero (Vicedecano de Estudos de Grao da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo)</p> <p>11. Prof^a. Marta Fernández Prieto (Decana da Facultade de Dereito).</p> <p>12. Prof^a. Susana Álvarez González (Vicedecana de Organización Académica da Facultade de Dereito)</p> <p>13. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora de Grao da Facultade de Dereito).</p> <p>Representantes dos estudantes –elixidos polos representantes de alumnas e alumnos do PCEO- convidados a participar con voz pero sen voto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - D. Jorge Domínguez - D^a. Verónica Fernández 	<p>Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), convocada pola Decana da Facultade de Dereito e celebrada o día 11 de maio de 2020, ás 10:00 h. en primeira convocatoria e ás 10:30 h. en segunda convocatoria, a través do Campus Remoto, coa seguinte orde do día:</p> <p>1.- Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria na presente reunión.</p> <p>2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (07/03/2019).</p> <p>3.- Análise dos datos académicos que deberán acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG –en particular, dos datos académicos do curso 2018/19-.</p> <p>4.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación do curso 2018/19.</p> <p>5.- Toma de decisións, se procede, en relación coas materias Tránsito de fin de grao en Dereito e Tránsito de fin de grao en ADE.</p> <p>6.- Toma de decisións, se procede, en relación coa procura de coordinación para evitar solapamentos entre probas de avaliación continua e probas finais.</p> <p>7.- Informe das Sras. Coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.</p> <p>8.- Rolda de intervencións</p>
--	---

Punto 1º.- Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria na presente reunión.

Desígnase a Prof^a. Fernández Prol para realizar as funcións de secretaria.

Punto 2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (07/03/2019).

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Apróbase por asentimento.

Punto 3º.- Análise dos datos académicos que deberán acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG – en particular, dos datos académicos do curso 2018/19-.

A Decana da Facultade de Dereito sinala que se achegou unha táboa cos datos (vid. anexo a esta acta). Sinala, así mesmo, que nesta materia son de aplicación as Instrucións de 16 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades para a oferta de Programas de simultaneidade de graos no SUG. A instrución cuarta establece unhas taxas mínimas de idoneidade e gradación para os PCEOs (25% e 33%, respectivamente, como media dos resultados acadados nos 3 últimos cursos académicos). A taxa de idoneidade mide a porcentaxe de estudantes que rematan os seus estudos no curso de finalización teórica do programa conxunto (5 anos). A de gradación, pola súa banda, mide a porcentaxe de estudantes que acaban os seus estudos no curso de finalización teórica do programa conxunto ou un ano máis tarde (5 ou 6 anos).

A Decana sinala que polo de agora só temos datos da 1ª promoción e só o dato de idoneidade –o de gradación da 1ª promoción o teremos este ano-. Ese dato, no PCEO de Ourense, é moi baixo (17.86%, no curso 2018/19), polo que non se acadou o 25% (a diferenza do Programa do Campus de Vigo da UdCoruña).

Este dato contrasta coas taxas de avaliación (92,67%) e éxito (87,00%), cuxa media dos 3 últimos cursos é elevada e bastante superior ás das titulación de Grao (en Dereito, 76,67% e 77% e en ADE 76,33% e 75%). Nos informes de revisión do sistema pola dirección, ano tras ano analizamos os datos e, en comparación cos do Grao, acostuman a ser sensiblemente mellores, pese a ter os alumnos do PCEO unha carga docente bastante maior.

Segundo a Decana da Facultade de Dereito, o problema pode derivar do abandono, pois os alumnos que se matriculan en 1º, aínda que deixen o Programa conxunto, computan a estes efectos no total de alumnos que comezan os seus estudos e non os finalizan nos anos correspondentes.

A Decana sinala que ao finalizar o presente curso teremos datos da 2ª promoción e poderemos comprobar se as deficientes taxas do primeiro ano foron só puntuais ou estas se repiten. A Decana da Facultade de Dereito considera que é preciso sensibilizarse coa titulación e incluír accións de mellora para acadar taxas de idoneidade e gradación superiores. O Programa Conxunto é moi esixente e cómpre, a xuízo da Decana, que se teñan en consideración as demandas dos alumnos no relativo á planificación de horarios e, sobre todo, de probas de avaliación. Segundo a Decana da Facultade de Dereito, é preciso que as dúas facultades realicen un esforzo nese sentido.

A Decana sinala, por outra banda, que, segundo se desprende da táboa elaborada coa colaboración da xefa de Grao do ámbito xurídico-empresarial, non todos os abandonos son absolutos, senón que en moitos casos os alumnos diríxense ben ao grao en Dereito, ben ao Grao en ADE, polo que o PCEO funciona como un grao aberto. O que, por certo, foi alegado no documento remitido á Secretaría Xeral de Universidades. En todo caso, entre 5 e 9 alumnos deixan de matricularse cada ano, o que representa case un 25%. Elo representa un abandono moi importante.

Punto 4º.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación do curso 2018/19.

Segundo indica a Decana da Facultade de Dereito, os datos das enquisas de satisfacción non son positivos:

1. Organización e desenvolvemento: satisfacción inferior a 2 en cada un dos ítems chegando ata 1.15 en horarios.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

2. Información e transparencia: datos algo superiores, pero en todo caso inferiores a 3 –entre 1.76 en información sobre actividades extracurriculares e 2.92 en utilidade da información da web.

3. Sistema de garantía de calidade: 1.75 na valoración dos canles de participación na mellora da titulación, como QSP, comunicación cos responsables da titulación, delegación de alumnado, comisións...).

4. Recursos materiais e servizos: valoracións entre 2 e 2.84 en espazos para o traballo autónomo ata 4 en equipamento das aulas.

5. Resultados de aprendizaxe: satisfacción entre 2.3 e 2.76.

6. Satisfacción coa calidade da titulación: 41,67%

A Decana destaca, en particular, o seguinte:

- Os aspectos máis valorados son: contidos/coñecementos, saídas profesionais, posibilidade de dobre titulación en 5 anos
- Os aspectos menos valorados son: horarios, ausencia de coordinación específica para PECO, defecto de prácticas ou de contidos prácticos.
- As enquisas de satisfacción foron malas xa no curso 2017/18 pero foron incluso peores no presente curso cunha satisfacción inferior na maior parte dos sub-items.

Segundo a Decana, sería oportuno que hoxe, ao rematar a intervención das coordinadoras, se escoitara a opinión dos representantes dos estudantes.

Punto 5º.- Toma de decisións, se procede, en relación coas materias Traballo de fin de grao en Dereito e Traballo de fin de grao en ADE.

A Decana sinala que en Dereito o prazo de setembro configúrase como 5º prazo de defensa para facilitar o acceso ao Máster da Avogacía. En canto as restantes convocatorias, acórdase consensuar as datas para facilitar que os alumnos do PCEO poidan efectuar as defensas dos dous TFG.

Punto 6º.- Toma de decisións, se procede, en relación coa procura de coordinación para evitar solapamentos entre probas de avaliación continua e probas finais.

A Decana de Dereito sinala que, xa o curso pasado, se plantexou a posibilidade de establecer calendarios diferentes para alumnos de Grao e PCEO. Entende que, pese a ser moi complexo, sería positivo intentalo.

A Decana da FCETOU sinala que non se producen solapamentos entre exames finais, pero si coincidencia ou proximidade de datas no caso das probas de avaliación continua. Apunta a posibilidade de que se “cruzen” cronogramas entre ambas Facultades.

A Decana da Facultade de Dereito sinala que tamén se plantexan problemas en relación cos calendarios de exames.

Susana Álvarez, Vicedecana de Organización Académica da Facultade de Dereito, sinala que se detectaron problemas por comezar os exames finais de Dereito antes que os de ADE. En 2013, xa se intentara establecer calendarios diferentes pero elo deu lugar a queixas por parte dos alumnos por ser diferentes as probas do Grao e do PCEO.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

A Decana da FCETOU sinala que, no caso da súa Facultade e posto que tamén existe un dobre grao con Informática, sería preciso realiza ata 3 exames por materia, o que non resulta asumible.

A Decana de Dereito sinala que unha opción sería elaborar calendarios de exames pensando primeiro nos alumnos do PCEO.

A Decana da FCETOU parécelle unha idea axeitada.

Susana Álvarez sinala que, en 2013, efectivamente, produciuse a referida disfunción tendo os docentes que elaborar exames diferentes. Por outra banda, sinala que os exames de Dereito xa se fixan tendo en conta os de ADE, debido as outras dobres titulacións da FCETOU.

A Coordinadora de Grao da Facultade de Dereito propón dúas accións:

- A sincronización dos calendarios académicos das dúas Facultades
- O intercambio e harmonización dos calendarios de probas de avaliación continua

A Decana de Dereito parécelle axeitado. Ademais, sinala que, para elo, podería contarse coa axuda do persoal de apoio a centros e departamentos.

A Decana da FCETOU sinala que ambas accións poden intentarse.

Punto 7º.- Informe das Sras. Coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.

Toma a palabra a Profª. Fernández Prol, Coordinadora de Grao na Facultade de Dereito, para expoñer sucintamente as accións de coordinación levadas a cabo:

- Para operar o tránsito á docencia virtual, dende a Coordinación solicitouse ao profesorado comunicación dos cambios operados nas metodoloxías docentes, así como no sistemas de avaliación, tanto continua como final (en todas as convocatorias).
- Reunión de coordinación co alumnado o día 23 de abril de 2020
- Reunión de coordinación co profesorado o día 24 de abril de 2020

Segundo indica, profesorado e alumnado, con carácter xeral, valoraron positivamente o recurso ás Aulas Virtuais. Procurouse, por outra banda, resolver as disfuncións detectadas, froito, na maioría dos casos, da repentina suspensión da actividade docente presencial por mor da declaración do estado de alarma: clarificación de sistemas de avaliación en determinadas materias, sobrecargas puntuais de traballo, solapamentos puntuais de docencia de materias no PCEO –por mor de recuperacións sinaladas por determinados docentes-.

Toma a palabra a Profª. Villanueva Villar, Coordinadora de Grao na FCETOU, para expoñer sucintamente as accións de coordinación levadas a cabo:

- Reunión de coordinación con representantes de alumnos do PCEO en decembro: aínda que acudiron poucos delegados, amosaron a súa satisfacción coa fixación de probas do Grao en Dereito en xaneiro.
- Reunión do Decanato en abril.

Toma a palabra a Decana da FCETOU para precisar que, ademais, leváronse a cabo enquisas e posteriores reunión con representantes de alumnos.

A Decana da Facultade de Dereito agradece a ambas coordinadoras o seu traballo.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Punto 8º.- Rolda de intervencións

Jorge Domínguez toma a palabra para trasladar, logo de consultar aos estudantes do PCEO, as seguintes observacións relativas ao desenvolvemento da docencia no Dobre Grao:

- Falta de coordinación entre ambos Graos, que se traduce en solapamentos de probas de avaliación continua, así como na planificación de actividades en horarios coincidentes.
- Horarios inadecuados para o que propón que os estudantes do PCEO podan optar á docencia en horario de mañá, ou, cando menos, que a docencia no remate tan tarde, pois elo imposibilita a realización doutras actividades, deportivas ou de ocio.
- Falta de información sobre saídas profesionais diferentes ás de avogado ou de perfil puramente económico.
- Inadecuada planificación docente: as materias “Dereito Penal I” e “Dereito Penal II” están temporalmente moi separadas pese a estar moi conectadas.

Intervén a Vicedecana de Organización Académica da Facultade de Dereito para sinalar que a carga lectiva –o número de horas de docencia por semana- depende do Plan de Estudos, moi denso por tratarse dun dobre grao a cursar en 5 anos. Por elo, é inevitable rematar tarde.

Intervén a Decana da Facultade de Dereito para sinalar que efectivamente non pode obviarse a carga lectiva, non sendo posible o acceso as clases de mañá por impartir docencia profesores diferentes, con responsabilidades respecto das correspondentes actas. En canto á queixa relativa á falta de información sobre saídas profesionais, a Decana expresa que a mesma lle parece ofensiva dado o esforzo realizado precisamente nese ámbito pola Facultade de Dereito, que, entre outras actividades, leva xa varias edicións da Feira de Emprego Xurídico Galicia – Norte de Portugal, Orienta Iuris.

O Prof. Javier Sánchez Sello enumera, así mesmo, varias iniciativas nese ámbito:

- Unha xornada con presenza de empresas
- Actividades informativas sobre procesos de selección en grandes empresas

O Prof. Javier Sánchez Sello destaca, por outra banda, que os alumnos do PCEO poden acudir aos eventos das dúas Facultades.

A Decana da Facultade de Dereito alude a unha convocatoria, tamén difundida polo centro, para ser “Directivo por un día”, convocatoria á que precisamente concorreu un estudante do PCEO, que, así mesmo, fixo prácticas na empresa correspondente.

Conclúe a Decana da Facultade de Dereito sinalando que os dous centros seguirán a procurar a máxima coordinación, tamén en materia de horarios –aínda que isto é especialmente complexo-, así como na organización de actividades sobre saídas profesionais –con todo, tamén os alumnos deben asumir a súa responsabilidade, participando nas diversas iniciativas organizadas-.

Levántase a sesión ás 14:30 horas.

Ourense, 11 de maio de 2020.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Anexo: Táboa de datos

PCEO (ADE – DEREITO)	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018 /19	2019/20
Matrícula						
- Alumnado 1ºx 1ª vez	28	20	26	23	20	21
- Alumnado total	28	43	62	77	89	103
- Diferencia (no matriculados)		5	7	9	8	7
Nota de acceso		7.85	8.31	9.24	6.68	8.76
Abandono PCEO						
- As titulacións que conforman o PCEO	No hai datos, comenzaba a implantación do 1º cursos do PCEO	No hai datos en aplicativo	6	3	3	0
- A outras titulacións						

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

			1	3	3	0
EGRESADOS	Non estaba implantado a totalidade dos cursos do Pceo	Non estaba implantado a totalidade dos cursos do Pceo	Non estaba implantado a totalidade dos cursos do Pceo	Non estaba implantado o 5º curso do Pceo	5	1* *Dato provisional aínda non rematou o curso

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DAS FACULTADES DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO E DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE VIGO. 14 DE XULLO DE 2020 (pendente de aprobación)

Sendo as 11:30 horas do día 14 de xullo de 2020 e estando presentes, a través de videoconferencia dende as aulas de campus remoto, os asistentes que se relacionan a continuación, comeza a reunión. Asisten: Marta Fernández Prieto (Decana da Facultade de Dereito), Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grao en Dereito da Facultade de Dereito), Francisco Torres Pérez (Decano de la Facultad de Ciencias Xurídicas e do Traballo) e Lydia Noriega Rodríguez (Vicedecana de Organización académica e Coordinadora do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo)

A reunión ten como orde do día: 1. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria. 2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 3. Análise do estado de execución da acción de mellora da titulación do Grao en Dereito proposta para o curso 2018-2019. 4. Análise e aprobación, se procede, das propostas de accións de mellora da titulación para o curso 2019-2020. 5. Análise e aprobación, se procede, da proposta de modificacións a memoria da titulación para o curso 2019-2020. 6. Análise das incidencias detectadas na elaboración das guías docentes do curso 2020-2021 por se dan lugar a modificacións na memoria ou melloras para o curso 2020-2021. 7. Suxestións e preguntas

Punto 1. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria. Acórdase por unanimidade designar secretaria da reunión a Lydia Noriega Rodríguez.

Punto 2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (reunión ordinaria do 11 de febreiro de 2019).

Apróbase, por asentimento, a acta.

Punto 3. Análise do estado de execución da acción de mellora da titulación do Grao en Dereito proposta para o curso 2019-2020.

Xúntase a acta da reunión de 11 de febreiro de 2019. Tras analizar o grado de execución das tres melloras propostas para a Titulación, considérase que están executadas e, polo tanto, cerradas

a) 2017GDT01. Continuar coa análise das taxas académicas por materia dos estudantes e a análise comparativa entre sedes en materias nas que as taxas revelen un reducido rendemento do estudantado. En ningún dos dous centros se detectaron materias nas que se aprecie un reducido rendemento do alumnado.

b) 2017GDT02. Reunión con alumnado y profesorado para abordar los problemas de organización temporal das materias en el plan de estudos. En ningún dos dous centros se detectaron problemas de organización temporal das materias.

c) 2017GDT03. Valorar a oportunidade de proceder á modificación da memoria de verificación coa finalidade de incorporar os erros detectados a través dos informes de seguimento do título e outros cambios que se consideren oportunos. En ambos os dous centros se acordou non validar a declaración de interese para a modificación da memoria de verificación do Grao en Dereito (Na Facultade de Dereito, este acordo adoptouse dentro da reunión ordinaria da Xunta de Facultade, celebrada o 28 de Febreiro de 2018).

Punto 4. Análise e aprobación, se procede, da proposta de accións de mellora da titulación para o curso 2019/2020.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Das tres melloras inicialmente formuladas para a titulación, acórdase que só a primeira se aprobe como proposta de acción de mellora para a titulación. 2018GDT01. Solicitar que se modifique a aplicación DOCNET para que avise cando unha guía é modificada, e non enviada, ao coordinador do título.

Punto 5. Análise e aprobación, se procede, da proposta de modificacións a memoria da titulación para o curso 2019-2020.

Apróbanse as propostas de modificacións e acórdase delegar nas coordinadoras de grao os cambios que sexan necesarios si se detectase algún erro na definición de ditas modificacións.

Punto 6. Análise das incidencias detectadas na elaboración das guías docentes do curso 2020-2021 por se dan lugar a modificacións na memoria ou melloras para o curso 2020-2021.

Na elaboración das guías docentes de este curso e debido a situación de crisis sanitaria, engadiuse un apartado titulado “ Plan de contingencias” por si por razóns sanitarias é necesario pasar a docencia e a avaliación virtual. Ha sido cuberto por todos os coordinadores de cada materia, sen que se debe resaltar ningunha incidencia destacable.

Punto 7. Suxestións e preguntas

Non existindo suxestións ou preguntas, levántase a sesión as 12:15 h.

En Vigo, a 14 de xullo de 2020

Asdo: Lydia Noriega Rodríguez

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito**ANEXO II: INFORME SEGUIMIENTO TFG****A. Reunións e actuacións de coordinación**

Durante o curso académico 2019-20, a iniciativa da coordinadora da materia Traballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Traballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2019: elaboración da guía docente polo coordinadora.
- 16/07/2019: aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2019/20 -setembro de 2019 (1º prazo), novembro de 2019 (2º prazo), xuño de 2020 (3º prazo) e xullo de 2020 (4º prazo)-
- 06/09/2019: designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2019/20.
- 04/10/2019: aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2019/2020 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización pola profesora D.ª Zoraida Álvarez Pérez e polo profesor D. Roberto Couto Calviño, previa solicitude expresa dos interesados.
- 17/10/2019: aprobación da modificación na relación do profesorado que no curso académico 2019/2020 cumpre os requisitos para ser titor ou titora do Traballo de Fin de Grao e autorizar a inclusión do seguinte profesorado: D. José Abundancia Domínguez, D. José Mosquera Casero, D.ª Laura Movilla Pateiro e D.ª Natalia Torres Cadavid, previa solicitude expresa dos interesados.
- Outubro-novembro de 2019: Publicación da relación de profesorado que no curso 2019/20 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 21/11/2019: aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2019-20. Acórdase tamén interpretar o art. 5.4 do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito no sentido de entender que se, transcorrido o primeiro curso académico tras a asignación de titor e proposta temática, o estudante desexa cambiar só de tema e non de titor no segundo curso no que se mantén a asignación, non debe presentar unha nova listaxe priorizada de titores no prazo fixado no art. 3.8.1 senón unicamente a nova proposta temática no prazo establecido no art. 4.1. Se o alumno presenta a listaxe priorizada de titores no prazo fixado no art. 3.8.1, entenderase que se somete ao procedemento previsto no devandito artigo xunto co resto do alumnado matriculado na materia, aínda que na listaxe priorizada de titores figure en primeiro lugar o titor asignado o curso anterior.
- 18/12/2019: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2019-2020 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos. Acórdase tamén que o alumnado que solicitou a defensa do Traballo de Fin de Grao nunha convocatoria e finalmente non poida defendelo, se na seguinte convocatoria non desexa introducir modificación algunha no texto do TFG, presente na Área de Grao, tras a nova solicitude telemática, un escrito dirixido aos membros do tribunal avaliador no que faga constar a súa situación e solicite que, ao coincidir a versión final do TFG coa presentada anteriormente, se consideren xa entregados os catro exemplares que esixe o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito. E interpretar o art. 5.4 do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito no sentido de entender que se a/o estudante non presenta a proposta temática no prazo establecido non se manteña tampouco a asignación da persoa titora no seguinte curso académico.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 28/01/2020: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudiantado de terceiro curso do Grao e de 4º curso do PCEO. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.
- 28/01/2020: presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, a coordinadora informa, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbraaselle ao estudiantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.
- 31/01/2020: primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 17/02/2020: aprobación pola Comisión permanente dun novo prazo (5º) de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2019-2020.
- 24/04/2020: segunda sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto
- 30/04/2020: aprobación pola Comisión permanente do anexos á guía docente coas medidas excepcionais planificadas ante o estado de alarma provocado pola COVID-19. Mantéñense as metodoloxías de traballo tutelado e clase maxistral, aínda que por medios telemáticos. O traballo de titorización coa persoa titora será telemático, a través de atención telefónica, intercambio de correos electrónicos ou outros mecanismos de comunicación que garantan a adecuada titorización, tras a suspensión da docencia presencial. O acto de defensa ante o tribunal, no caso de non poder desenvolverse presencialmente, realizarase a través das aulas virtuais do Campus Remoto. Mantéñense, igualmente, os criterios de avaliación previstos na guía docente con lixeiras modificacións, como consecuencia do desenvolvemento virtual das probas finais de avaliación:
 - O traballo presentado por escrito computarán nun 75% da cualificación final e será avaliado de acordo co previsto no Regulamento interno do centro dispoñible en <http://www.dereito.uvigo.es>
 - O estudante non terá que entregar o catro exemplares de TFG en versión en papel na área de Grao do Edificio Xurídico-Empresarial. Será suficiente subir o TFG en versión electrónica á plataforma Faitic. A entrega virtual efectuarase nos apartado exercicios da materia Traballo Fin de Grao para ese efecto habilitada no prazo fixado.
 - A presentación oral do traballo ante o tribunal computarán o 25% restante e será avaliada de acordo co previsto no Regulamento interno do centro dispoñible en <http://www.dereito.uvigo.es>
 - A defensa presencial do Traballo de fin de grao, substituirase pola defensa nunha aula virtual. A continuación, os membros do tribunal poderán formular as preguntas que teñan por conveniente.

Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe. Sen prexuízo de que os estudantes deban seguir as pautas que, en cada caso, poida facilitarlle o titor, en relación coa procura de bibliografía, en caso de suspensión da docencia presencial, recoméndase aos estudantes utilizar, ademais de Dialnet, os recursos electrónicos que ofrece a biblioteca da Universidade de Vigo no ámbito do Dereito para acceder a artigos científicos, monografías, sentencias, bases de datos, bibliotecas virtuais, buscadores...-. Algúns deses recursos teñen o seu acceso restrinxido á comunidade universitaria con clave ou sen clave- e outros son de acceso libre.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 15/07/2020: habilitar un novo prazo no mes de febreiro (2º) de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG do curso 2020-21 e incluílo no calendario académico da Facultade de Dereito e delegar na Secretaria da Facultade a incorporación das datas que procedan
- Xaneiro-xullo de 2020: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia faitic, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia “Traballo de fin de grao” ata o curso 2019-2020

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que terá un mínimo de 6 créditos e que deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

A incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificulta a configuración da materia e xustifica a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén se detectou a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.
- MÁSTER (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Máster figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao Máster universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en “formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Máster –aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, habilitouse un novo prazo de defensa do TFG no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. Esta acción de mellora formulouse para adiantar a convocatoria de fin de carreira e permitir obter o título de Graduado/a en Dereito e incorporarse ao Máster da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Máster sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este primeiro prazo habilitouse xa en setembro de 2019.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse dúas sesións presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de jurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Tamén se acorda non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias, salvo que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas

Para facilitar a defensa de TFGs no primeiro período de defensa habilitado en cada curso académico (novembro) de quen pode concorrer á convocatoria de fin de carreira, acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2019/20

2019GDO03: Habilitar no curso 2019/20 o prazo de defensa do TFG de setembro de 2020 como 5º prazo do curso académico e, a partir do curso 2020/21 imputar o prazo de presentación do TFG de setembro, tanto no grao como no PCEO, ao curso anterior, como último prazo de defensa (en lugar de como primeiro prazo do curso académico que comeza)

Pretendíase modificar o calendario académico do curso 2019/20 para introducir un novo prazo de defensa de TFG en setembro de 2020 e, a partir do curso 2020/21 establecer no calendario académico respectivo o prazo de defensa de setembro como último prazo de presentación do TFG correspondente ao curso académico anterior. Os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo son moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. O prazo de setembro como 5º prazo pretende evitar unha nova

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

matrícula do alumnado e pode mellorar a taxa de idoneidade e gradación. A mellora implementouse cun resultado positivo.

Ademais, o curso 2019/20 o Ministerio de Xustiza sinalou que, a partir do curso 2020/21, non se admitirían ao exame de acceso á profesión a aqueles estudantes que se matricularan no mestrado unha vez que xa empezase o curso. O adianto da defensa do TFG da convocatoria de fin de carreira da Facultade de Dereito a setembro, permite que aqueles estudantes que só teñan esta materia pendente, poidan matricularse no mestrado. Ademais, atrasouse o inicio das clases do mestrado para facilitar a matrícula destes estudantes. A cuestión foi analizada na Comisión de coordinación coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e coa Área Académica de Posgrao, permitindo que estes estudantes se puidesen preinscribir no mestrado no segundo prazo de matrícula, a condición de que acreditasen que só lles quedaba esta materia, e, unha vez aprobada no prazo previsto, puidesen formalizar a súa matrícula.

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2019/2020

		2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	
Datos comparativos							19	20
Estudantes matriculados		56	58	90	68	74	77 Grao + 15 Pceo	
Estu- dantes presen- tados	Totais	46 (+1 susp. maio/xuño)	35 (32 aprobados +3 susp.)	53 (+4 suspensos FC)	35	20 Grao + 5 Pceo	42 Grao + 10 Pceo	
	novembro	7	4	14	6	4	8 + 0	
	xuño	23	10	29	12	7 + 1	8 + 3	
	xullo	17	21	14	14	8 + 4	13 + 4	
	setembro				3		5 + 1	9 + 2
Cuali- fica-	Globais por curso	MH 1	0	4	0	1 + 1	1	

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

cións		Sb	3	9	15	6	5 + 1	3 + 1
		N	20	11	18	18	9 + 3	22+ 9
		A	22	12	16	11	5	16
		Su sp	1	3	4	0	0	1
	novembro	M H	0	0	0	0	0	0
		Sb	0	0	1	0	0	0
		N	3	2	1	3	2	5
		A	4	1	8	3	2	3
		Su sp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr.maio/ xuño ou xullo 2019)	0	0	0
	xuño	M H	1	0	2	0	0	
		Sb	2	3	10	2	2 + 1	0 + 1
		N	9	3	11	7	5	4 + 2
		A	10	4	6	3	0	3
		Su sp	1(ap. en xullo 2015)	0	0	0	0	1 (ap. en xullo 2020)

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

xullo	M H	0	0	2	1 + 1	2	1
	Sb	1	6	4	4	3	2
	N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4
	A	8	7	2	3	3	4
	Su sp	0	2	0	0	0	0
setembro	M H						0 0
	Sb						0 1
	N				1		3 + 1 4 + 2
	A				2		2 4
	Su sp						0 0

E. Propostas de mellora para o curso 2020/2021

- Configurar o prazo de defensa do TFG do mes de setembro como último prazo de defensa do curso anterior –e non como primeiro prazo do curso seguinte-, para mellorar as taxas de idoneidade e gradación. Este prazo de setembro habilitarase xa en setembro de 2020 como último prazo de curso 2019/20.
- Habilitar un novo prazo de defensa do TFG no mes de febreiro, para que o alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que poderá tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O novo prazo pode ser interesante tamén para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir **eleva a taxa de gradación** da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a teor do art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo. Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

No presente curso académico mellorou a *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados. Con todo, debe terse en conta a imposibilidade da defensa do TFG se o alumno non ten superada a totalidade de créditos restantes para a obtención do título. Á luz dos datos que se obteñan o presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras **propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación**. Con todo, **analizarase se o problema se centra en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden defender o Traballo de fin de grao**.

Ourense, 3 de novembro de 2020

Asdo.: Marta Fernández Prieto

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

ANEXO III. INFORME DE SEGUIMIENTO. PRÁCTICAS CURRICULARES**A. Reunións e actuacións de coordinación**

Durante o curso 2019/2020 realizáronse as seguintes reunións e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2019: reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas.
- Xuño 2019: elaboración da guía docente pola coordinación.
- Outubro 2019: convocatoria para o nomeamento de Titores académico/as de Prácticas Externas. A Comisión Permanente nomea como titores académico/as aos seguintes profesores: Dna. Susana Álvarez González, Dna. Marta Fernández Prieto e Dna. Francisca Fernández Prol.
- Decembro de 2019: publicación de oferta formativa de prácticas externas 2019-2020.
- Decembro de 2019/xaneiro 2020: adjudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e na páxina web da Facultade (apartado Grao en Dereito/Prácticas externas) + comunicación aos titores externo/as/externo/as dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2020: presentación da materia prácticas externas ao comezo do cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado antes do comezo das prácticas –xaneiro 2020-. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2019-2020.
- Recepción do informe final e valoración dos titores externo/as. Publicación das cualificacións o en xuño de 2020 (plataforma TEMA)

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2019-2020.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2019-2020 foi de 26 prazas. Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Calendario de asignación de entidades e despachos

Entidade (nº de prazas)	Titores/as
Colexio Notarial de Galicia (1)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: María Isabel Louro García titor/a académico/a: Marta Fernández Prieto
Confederación Hidrográfica Miño-Sil (2)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Diana Carballeda Chan titor/a académico/a: Natalia Torres Cadavid
Deputación Provincial de Ourense (2)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Mónica Lesgapi Díaz titor/a académico/a: Francisca Fernández Prol
Ferro Ribadulla Avogados (2)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Fernando Blanco Arce titor/a académico/a: Susana Álvarez González
Subdelegación do Goberno en Ourense(5)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Manuel Arias Carra titor/a académico/a: Susana Álvarez González
Deputación Provincial de Pontevedra (3)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Mónica Lesgapi Díaz titor/a académico/a: Marta Fernández Prieto
Parlamento de Galicia (5)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Xosé Antón Sarmiento titor/a académico/a: Marta Fernández Prieto
León Rey Abogados (3)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: David de León Rey

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

INGADE (1)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a académico/a: Susana Álvarez González titor/a externo/a: Yolanda Trasobares Ramos titor/a académico/a: Francisca Fernández Prol
Pérez Rumbao (2)	<ul style="list-style-type: none"> titor/a externo/a: Irene Santana Carnero María Jesús Caride Alonso titor/a académico/a: Francisca Fernández Prol

C. Valoración das propostas de mellora para o curso 2019/2020

A acción de mellora proposta para os cursos 2018/2019 e 2019/2020 realizouse xestionando a adaptación dos convenios xa existentes seguindo o disposto na DA 8ª de la Lei 40/2015. Tamén se asinaron novos Convenios a instancia da coordinadora de prácticas da Facultade de Dereito. Entre os convenios asinados no devandito curso figuran os seguintes:

<u>2019000815</u>	15/07/2019	SONIA GULÍAS TORREIRO (ABOGADA)
<u>2019000598</u>	20/05/2019	JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ (ABOGADO)
<u>2019000597</u>	20/05/2019	CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)
<u>2019000384</u>	22/03/2019	ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO (MINISTERIO POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA – SECRETARIA DE ESTADO DE POLÍTICA TERRITORIAL)
<u>2019000201</u>	20/02/2019	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL

D. Avaliación das prácticas externas durante o curso 2019/2020 e proposta de mellora para o curso 2020-2021

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

As condicións de saúde pública e o decreto do estado de alarma que levou ao confinamento dende o mes de marzo do 2020 condicionou parcialmente a realización das prácticas externas. Se ben o alumnado de forma maioritaria, puido rematar as 135 horas de prácticas, nalgúns casos foron suspendidas de igual xeito que a restante actividade académica (<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/suspension-actividades-lectivas-presenciais>). Posteriormente, estas prácticas foron desenvolvidas de xeito telemático.

No vindeiro curso renovaranse os convenios derogados e tentarase a sinatura de novos convenios con organismos públicos e privados. Non obstante, debe terse en conta a situación de pandemia actual que condicionará, sen dúbida, a execución desta materia, tanto nos prazos como probablemente na forma de incorporación. Dende este punto de vista, na medida do posible, tentarase potenciar a realización de prácticas externas extracurriculares polo alumnado co obxectivo de non concentrar as prácticas nunha época concreta do curso académico e facilitar a súa incorporación gradual.

Ourense, a 12 de novembro de 2020

Asdo.: Susana Álvarez González

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

ANEXO IV: INFORME DE SEGUIMIENTO. RELACIONES INTERNACIONAIS

A convocatoria de mobilidade ERASMUS + 19/20 publicouse o 6 de febreiro de 2019. No mes de febreiro de 2019, Amelia Rodríguez Piña, Directora da Oficina de Relacións Internacionais, convocou unha reunión dirixida aos alumnos de todas as Titulacións do Edificio Xurídico-Empresarial.

Logo da publicación da lista provisional de admitidos, a Coordinadora de relacións internacionais da Facultade de Dereito convocou a unha reunión (seminario 51) a todos os alumnos que solicitaran a mobilidade ERASMUS coa finalidade de explicarlles todas as cuestións académicas de mobilidade.

Posteriormente, logo da publicación da lista definitiva de destinos, a Coordinadora de relacións internacionais da Facultade de Dereito mantivo diversas reunións, así como comunicacións vía e-mail cos distintos alumnos a medida que cumprimentaban o seu acordo de estudos.

Durante el Curso 19/20, realizaron a mobilidade ERASMUS 2 alumnos do Grao en Dereito e 16 do PCEO. Así mesmo, unha alumna de PCEO realizou a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo (mobilidade con América Latina) e dous no marco do Programa SICUE.

Cómpre destacar que no referido curso académico produciuse un notable incremento dos alumnos que solicitaron a mobilidade ERASMUS no PCEO (máis de quince persoas). Neste sentido, coa finalidade de incrementar o número de alumnos que cursan un período de estudo en terceiros países (xa sexa mobilidade no marco do Programa ERASMUS ou no marco dos Programas con América Latina) seguimos incidindo nas reunións informativas. Neste sentido, cabe destacar, que na xornada de acollida aos alumnos de primeiro curso (Curso 0) impártese por parte da Responsable ERASMUS do Centro unha charla sobre os Programas de mobilidade e tamén no Curso 3.5 (enfocado aos alumnos de terceiro curso).

Por outra parte, tamén estamos estudiando, no marco do Plan de internacionalización do Centro, a promoción no exterior do Itinerario en Dereito da UE, co obxectivo de atraer alumnos tanto do Programa ERASMUS como dos Programas con América Latina. Neste sentido, as accións encamiñanse a publicitar dito itinerario na web da nosa Facultade, así como no envío de información ás diversas Universidades coas que o noso Centro celebrou Convenios de intercambios de alumnos.

Ourense, 23 de novembro de 2020

Asdo.: Belén Sánchez Ramos

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

ANEXO VI: INFORME FINAL REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES 2020-2021

O proceso de revisión de guías docentes do Grao en Dereito -e do PCEO ADE-Dereito- (41 guías) para o curso 2020-2021 desenvolveuse consonte o seguinte calendario obxecto de aprobación na Comisión Permanente da Facultade de Dereito de 19 de xuño de 2020:

Calendario e procedemento interno de elaboración e aprobación das guías docentes do Grao en Dereito -e do PCEO ADE-Dereito- para o curso 2020-2021			
Responsable	Tarea	Descrición	Data
Coordinador a de titulación	Revisión das competencias da Titulación e a súa asignación as materias	1) Revisar que as competencias xerais, básicas, específicas e transversais introducidas en Docnet correspondan coas da memoria da Titulación	Dende o 16 de xuño ata o 19 de xuño
Coordinador as/es de materia	Elaboración das guías docentes	2) Definición dos resultados de aprendizaxe das materias 3) Contidos (Temario) 4) Distribución dos créditos (aula, maxistrais, prácticas, traballo autónomo do alumno, etc.) 5) Metodoloxía docente 6) Criterios de avaliación 7) Bibliografía	Dende o 22 de xuño ata o 30 de xuño
Coordinador a de titulación	Curso de elaboración de guías docentes	Celebración de reunión cos coordinadores de materias para resolver, por parte da coordinadora de titulación, todas as dúbidas que xurdan na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet	29 de xuño as 12:00 h (sala Xuntas)
Coordinador a de titulación / Coordinador as/es de materia	Revisión das guías docentes	Este proceso implica un traballo bilateral entre a Coordinadora de Grao e os Coordinadores de Materia	Dende o 1 de xullo ata o 10 de xullo
Comisión de Calidade	Revisión de guías docentes	1) Envío, dende a Coordinación do Grao a Comisión de Calidade, do informe de revisión das guías docentes e da documentación necesaria para someter a revisión as guías docentes por parte de dita Comisión	Ata o 14 de xullo

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

		2) Revisión das guías docentes por parte da Comisión de Calidade	
Xunta de Facultade/C omisión permanente	Aprobación das guías docentes do grao	Aprobación, en Xunta de Facultade ou Comisión Permanente, das guías docentes do Grao	Ata o 15 de xullo
Decanato	Peche das guías docentes do grao	Peche, na plataforma Docnet, das guías docentes do grao	Ata o 15 de xullo
Decanato	Publicación das guías	A publicación implica á posta a disposición do público da devandita información na web do centro	Ata o 15 de xullo

O proceso de revisión das guías desenvolveuse pola Coordinadora empregando, para cada materia, a seguinte ficha na que se consigan os concretos extremos obxecto de verificación:

	SI	NON	OBSERVACIÓNS
LINGUA IMPARTICIÓN / DESCRICIÓN XERAL: inclúese unha descrición da materia			
COMPETENCIAS DE MATERIA: inclúense exactamente as establecidas na Memoria do Grao para a materia			
RESULTADOS DE APRENDIZAXE: inclúense exactamente os establecidos na Memoria do Grao para a materia			
RESULTADOS DE APRENDIZAXE: vincúlense ás competencias da materia			
CONTIDOS: inclúense exactamente os establecidos na Memoria do Grao para a materia			
PLANIFICACIÓN DOCENTE: inclúense exactamente as metodoloxías docentes establecidas na Memoria do Grao para a materia, así como o peso correspondente			
AVALIACIÓN: inclúense exactamente os procedementos <u>de avaliación para asistentes</u> establecidos na Memoria do Grao			
AVALIACIÓN: vincúlense, ás distintas metodoloxías de avaliación, as competencias que se avalían			
AVALIACIÓN: indícase, para cada metodoloxía de avaliación, o resultado de aprendizaxe que se avalía			
OUTROS COMENTARIOS E SEGUNDA OPCIÓN: detállanse os métodos de avaliación, dun xeito claro, tanto para asistentes como para non asistentes na primeira, segunda opción e fin de carreira, desglosado en apartados.			
OUTROS COMENTARIOS E SEGUNDA OPCIÓN: indícanse as competencias que se avalían e os resultados de aprendizaxe na			

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

avaliación para non asistentes na primeira opción, segunda opción e fin de carreira.			
OUTROS COMENTARIOS E SEGUNDA OPCIÓN: indícase que as datas de avaliación correspondentes a 1ª edición de actas, 2ª edición de actas e Fin de Carreira serán as aprobadas por Xunta de Facultade			
PLAN DE CONTINXENCIA: indicación das adaptacións necesarias para a impartición e avaliación da materia tanto en modalidade mixta como en modalidade non presencial			
ATENCIÓN AO ALUMNADO: as guías docentes contemplarán para todas as modalidades que as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa			
BIBLIOGRAFÍA:			
RECOMENDACIÓNS			
COINCIDE A GUÍA EN AMBAS LINGUAS			

As fichas, unha vez cumprimentadas, foron devoltas aos coordinadores para que, habida conta as deficiencias detectadas, procederán á corrección das guías docentes, de ser preciso, en colaboración coa propia coordinadora.

O proceso de elaboración das guías docentes para o curso 2020-2021, presentou dúas particularidades froito da necesidade de implementación da docencia mixta ou, eventualmente, virtual, por mor das restricións aplicadas no marco da crise sanitaria xerada pola Covid-19:

- A inclusión dun apartado novo, denominado “Plan de continxencias”, no que os coordinadores tiveron que sinalar as adaptacións –nas metodoloxías docentes, de avaliación e de contidos- a implementar en caso de tránsito á docencia mixta ou virtual.
- A inclusión no apartado “Atención ao alumnado” e para todas as modalidades de docencia –presencial, mixta ou virtual- de mecanismos de atención ao alumnado a distancia: no despacho virtual, por correo electrónico, a través dos foros da plataforma de teledocencia ou outras ferramentas telemáticas.

O proceso de elaboración das guías desenvolveuse e concluíu nas datas previstas no calendario, sendo obxecto de aprobación na Comisión Permanente da Facultade de Dereito celebrada o día 15 de xullo de 2020.

Recibida comunicación de relativa ao “plan de continxencias” da materia “Prácticas externas”, o mesmo foi obxecto de corrección consonte as indicacións recibidas, procedendo a súa posterior inclusión na plataforma Docnet.

Ourense, 20 de novembro de 2020

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

ANEXO VI: INFORME FINAL PAT 2019/2020

O Plan de Acción Titorial, elaborado no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, procura a implantación do “DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudantado” (registro R1-DO0203 P1). Trátase dun documento vivo que será revisado e actualizado de acordo coas necesidades e prioridades da Facultade.

O PAT da Facultade de Dereito, aprobado pola Xunta de Facultade o 17 de outubro de 2014, contempla:

1. A figura do alumno-titor, desenvolvida por alumnos dos últimos cursos do Grao (3º curso / 4º curso). A súas funcións son: facilitar a integración do alumnado de novo ingreso na vida académica, informar das actividades, servizos e programas ofertados, participar no Curso “0”, colaborar activamente nas reunións planificadas polo profesorado titor e colaborar na realización dos informes finais do PAT e nas enquisas de satisfacción.
2. Actuacións de apoio e seguimento: entre outras, a obriga do profesor-titor de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes:
 - unha inicial para a toma de contacto e detección de necesidades especiais
 - outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.Igualmente cabe a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.

O presente documento constitúe unha avaliación global das accións realizadas, fixando o nivel de consecución dos obxectivos previstos e destacando as dificultades atopadas. Finalmente, o presente documento incorpora as propostas de mellora a implantar no curso seguinte.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

1. Accións de organización e acollida

- Xullo 2019: Proceso de selección de Profesores-titores. Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos profesores- titores do curso 18/19 solicitando que manifesten a súa dispoñibilidade para continuar desenvolvendo tarefas como profesores-titores no curso 19/20.
- Setembro 2019: Proceso de selección de alumnos-titores. Remisión de correos electrónicos e visitas nas aulas para solicitar a colaboración de alumnado de 3º e 4º do Grao e de 4º e 5º do PCEO para participar no PAT en calidade de alumnos-titores.
- 09 de setembro de 2019: Celebración na Facultade de Dereito do “Curso 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO” dirixido ao alumnado de Grao e do programa conxunto ADE-Dereito. Os obxectivos que persigue este curso son:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
 - Presentar o Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito
- 26 de setembro 2019: Publicación na web do centro do Anexo I do PAT 2019-2020 coa asignación do alumnado de primeiro curso aos profesores-titores e aos alumnos-titores. Remisión do referido documento aos correos electrónicos do estudantado de primeiro.

2. Apoio e seguimento

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 03 de outubro de 2019: Celebración dunha reunión inicial con presenza de todo o alumnado de primeiro curso, todos os profesores-titores e todos os alumnos-titores (N^o de ficha de mellora: 2018C02). No marco da mesma, expuxéronse ao alumnado de primeiro curso os obxectivos e recursos do PAT e procedeuse a presentación de profesores-titores e alumnos-titores. Nesta xuntanza inicial os alumnos de primeiro curso que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT. Así mesmo, alumnos-titores e alumnos de primeiro curso que así o desexaron procederon á constitución de grupos de Whatsapp para a facilitar a titorización (N^o de ficha de mellora: 2018C01).

- 28 de xaneiro de 2020: Dende o centro organizouse o “Curso 3.5”, fundamentalmente destinado ao alumnado de terceiro curso do Grado de Dereito e cuarto curso do PCEO. Os obxectivos deste curso son:

- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
- Presentar ao alumnado de terceiro curso e cuarto curso do PCEO a información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
- Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Os temas abordados foron os seguintes:

- Prácticas extracurriculares e emprego. D.^a Sandra Morales. FUVI.
- A optatividade e a estrutura en mencións. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- A organización da materia optativa “Prácticas externas”. Prof.^a Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
- O Traballo fin de Grao. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto. Coordinadora da materia TFG.
- A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Prof.^a Dra. M.^a Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
- Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.^a Dra. M.^a Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía da Facultade de Dereito.

- 11 de febreiro 2020: Remisión, pola coordinación, de correo electrónico aos profesores-titores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados. Os profesore-titores remiten a coordinación convocatoria das correspondentes xuntanzas.

3: Avaliación e análise de resultados:

- 29 de maio de 2020: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes que participan no PAT solicitándolles que cumprimenten on line o anexo “IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado”.

Número de alumnos participantes: 10

Repostas do alumnado participante:

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

- Suficiente: 9
- Insuficiente: 1

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

- Boa: 9
- Mala: 1

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

- Moito: 0
- Bastante: 7
- Pouco: 3

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Moito: 0
 - Bastante: 8
 - Pouco: 2
5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?
- Si: 7
 - Non: 2
 - Non resposta: 1
6. Considera axeitado o sistema de seguimento?
- Si: 9
 - Non: 0
 - Non resposta: 1
7. Que eliminaría do PAT?
- Nada: 1
 - Non resposta: 9
8. Que engadiría?
- Nada: 1
 - 1 alumno/a resposta: "Engadiría algo máis de seguimento mais penso que está bastante ben"
 - Non resposta: 8
9. Que temas lle gustaría que se houberen abordado no PAT?
- 1 alumno/a resposta: "Profundizar algo máis nas asignaturas en concreto, solventando os problemas posibles"
 - Non resposta: 9

Os datos poñen de manifesto un notable grao de satisfacción do alumnado (en particular, 11 dos 14 alumnos que respostaron valoran positivamente a organización e coordinación de actividades do PAT, e 10 consideraron o PAT "bastante" útil).

Por outra banda, aínda que son poucos os alumnos participantes nas enquisas, apréciase un incremento sensible da participación (de 4 alumnos no curso 2018-2019 a 14 alumnos no curso 2019-2020).

- 29 de maio de 2020: Remisión, dende a coordinación do Grao, dun correo electrónico aos profesores-titores e alumnos-titores solicitando que cumprimentasen on line o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" (en cumprimento do disposto no apartado "6.1.5. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial"). Así mesmo, solicítase ao profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas ao longo do curso, os acheguen para poder realizar o informe final do PAT.

Número de participantes: 11 profesores-titores e alumnos-titores.

Respostas dos profesores-titores e alumnos-titores participantes:

Número de reunións en grupo: 2, agás nun caso no que só se mantivo 1 reunión en grupo.

Número de reunións individuais: 1

2. Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro):

- Suficiente: 11
- Insuficiente: 0

3. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

- Moi boa: 4
- Boa: 6
- Mala: 1

4. Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT:

- Pouca: 10
- Ningunha: 1

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

5. Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

- Si: 11
- Non: 0

6. Valore o grao de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudantado:

- Moito: 1
- Bastante: 4
- Pouco: 4
- Nada: 2

7. Considera axeitada a metodoloxía empregada?

- Si: 7
- Non: 3
- Non resposta: 1

8. Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?

- Si: 8
- Non: 3

9. Que eliminaría do PAT?

Resposta 1: "Penso que o alumnado non se sente cómodo co alumno-titor. Non teñen confianza no sistema".

Resposta 2: "Quizás a xestión por parte de profesorado, non quero dicir que esté mal mais si que podería ser maior a utilización da plataforma se fose xestionada polo propio alumnado e se fixeran actividades de "benvida" ou algo polo estilo".

10. Que engadiría?

Resposta 1: "Seguimento máis diario e individualizado para os alumnos con dificultades. Propostas de reforzo dende a facultade".

Resposta 2: "Un delegado da clase que recopile todas as dúbidas dos alumnos sería unha boa idea".

Resposta 3: "Máis información ao alumnado de primeiro acerca das funcións do alumno-titor porque penso que non lles queda moi claro cando se poden dirixir a nós e en que lles podemos axudar".

Resposta 4: "La reunión conjunta de este curso favoreció la asistencia de los estudiantes. Quizá se podría plantear alguna solución parecida para la reunión de seguimiento".

Resposta 5: "Xestión estudantil, outros tipos de apoio como un banco de manuais ou apuntamentos que poda utilizar toda a facultade, actividades de iniciación no grao que busquen maior involucración por parte do alumnado... Pode parecer algo "infantil" dende fóra, mais con 18 anos quizás sexa o que máis os atraia".

De novo, apréciase un incremento do número de participantes nas enquisas (de 7 a 11 participantes), o que, sen dúbida, se debe a unha maior participación de alumnos-titores. Con todo, sería desexable que un e outro colectivo empregasen formularios diferentes para distinguir e analizar de xeito separado a súas respostas.

Melloras a introducir para o curso 2020-2021

Analizada a participación e resultados dos cuestionarios de satisfacción, estimase necesario:

- Proseguir na utilización de formularios telemáticos, fomentando a participación dos alumnos.
- Elaborar formularios distintos para profesores-titores e alumnos-titores-
- Analizar, no marco da Comisión de Calidade, as respostas e propostas de reforma do alumnado – sinaladamente, a petición de incremento do seguimento ou de "afondamento en materias concretas"-.
- Analizar, no marco da Comisión de Calidade, as respostas e propostas de reforma de profesores-titores e alumnos-titores –sinaladamente, de realización conxunta das reunións iniciais e de seguimento ou de fortalecemento das accións de seguimento-.

Ourense, 20 de novembro de 2020

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Data:


Sinaturas:



Vicedecana de Planificación e Calidade



Vicedecana de Organización Académica e
Profesorado



Coordinadora de Relacións Internacionais



Coordinadora do Grao



Coordinadora de Prácticas Externas



Decana da Facultade de Dereito de
Ourense e Coordinadora do TFG